

14.2 Nos accesos ao recinto, a Organizadora establecerá os adecuados procedementos de control e identificación, de acordo co disposto nas normativas sobre seguraza.

14.3 As persoas que se encontren no interior do recinto mostrarán a súa acreditación ou entrada e os seus documentos de identidade por requirimento dos empregados da Organizadora debidamente acreditados.

### ANEXO TERCEIRO

#### Exposición Internacional de Zaragoza 2008

##### REGULAMENTO ESPECIAL NÚMERO 13

##### Condicións sobre a concesión de premios

#### Artigo 1. *Obxectivo.*

De acordo cos artigos 33 e 34 do Regulamento xeral da Exposición Internacional de Zaragoza 2008 (en diante «Regulamento xeral» e «Exposición», respectivamente), o obxectivo deste regulamento é explicar os termos relativos á concesión de premios ás mellores realizacións de participantes oficiais en relación co tema da exposición «Auga e Desenvolvemento Sustentable».

#### Artigo 2. *Conformidade con leis e regulacións aplicables.*

Os participantes oficiais deberán cumprir tanto co Regulamento xeral, regulamentos especiais, a lexislación española pertinente e calquera outra instrución ou directiva suplementaria emanada desde a Sociedade Estatal Expoagua Zaragoza 2008 (en diante «a Organizadora») que estea en concordancia cos regulamentos xeral e especiais da Exposición.

#### Artigo 3. *Premios.*

A Organizadora outorgará nove premios aos mellores pavillóns: tres para categoría A, de pavillóns de máis de 500 m<sup>2</sup>; tres para categoría B, de pavillóns inferiores a 500 m<sup>2</sup>; tres para categoría C, de participantes integrados en pavillóns colectivos e que carezan de acceso independente. Os criterios de selección dos premios atenderán á interpretación do tema e subtemas da Exposición, calidade e innovación da instalación expográfica, deseño arquitectónico e integración dos valores ambientais na solución final do pavillón.

A Organizadora outorgará tres premios especiais á interpretación do tema e subtemas da Exposición: un para categoría A, de pavillóns de máis de 500 m<sup>2</sup>; un para categoría B, de pavillóns inferiores a 500 m<sup>2</sup>; un para categoría C, de participantes en pavillóns colectivos.

A Organizadora outorgará tres premios especiais entre os países participantes como recoñecemento aos pavillóns máis destacados pola calidade e innovación da instalación expográfica: un para categoría A, de pavillóns de máis de 500 m<sup>2</sup>; un para categoría B, de pavillóns inferiores a 500 m<sup>2</sup>; un para categoría C, de participantes en pavillóns colectivos.

A Organizadora outorgará tres premios especiais entre os países participantes como recoñecemento aos pavillóns máis destacados polo deseño arquitectónico: un para categoría A, de pavillóns de máis de 500 m<sup>2</sup>; un para categoría B, de pavillóns inferiores a 500 m<sup>2</sup>; un para categoría C, de participantes en pavillóns colectivos.

A Organizadora outorgará un premio especial entre os participantes oficiais como recoñecemento ao pavillón que forneza as mellores solucións ambientais no seu deseño, construción e operación.

A Organizadora outorgará dous premios entre o resto de participantes non oficiais como recoñecemento aos pavillóns máis destacados.

#### Artigo 4. *Decisión do xurado.*

A adxudicación dos premios estará suxeita ás deliberacións do xurado, tal e como se define no artigo 5, cuxa decisión será irrevogable.

#### Artigo 5. *Composición do xurado.*

O xurado estará composto polos seguintes membros:  
O presidente da Oficina Internacional de Exposicións (en diante OIE).

O secretario xeral da OIE.  
Cinco membros nomeados pola Organizadora entre personalidades con reputación internacional e carácter multidisciplinar nos campos relativos ao tema e subtemas da Exposición. Estes membros non representarán os seus respectivos países e actuarán unicamente en calidade propia.

Dous membros recomendados pola OIE e nomeados pola Organizadora entre personalidades con reputación internacional e carácter multidisciplinar nos campos relativos ao tema e subtemas da Exposición. Estes membros non representarán os seus respectivos países e actuarán unicamente en calidade propia.

Un membro do xurado podería ceder o seu mandato en caso de forza maior a outro membro elixido, de maneira que este representaría o primeiro.

#### Artigo 6. *Organización do xurado.*

O presidente será elixido de entre os membros do xurado.

As reunións do xurado deberán ser convocadas pola Organizadora.

O xurado visitará en dúas ocasións os diferentes pavillóns.

Os membros do xurado están obrigados a respectar a confidencialidade das deliberacións.

A proclamación dos gañadores dos premios deberase realizar antes da finalización da Exposición.

#### Artigo 7. *Gratificacións.*

As gratificacións non serán en ningún caso de natureza monetaria.

Todos aqueles participantes que non manifestasen ao xurado o seu desexo de non participación na concesión de premios considerárase que son elixibles para eles.

#### Artigo 8. *Publicación dos premiados.*

A OIE publicará a lista dos gañadores, de acordo coa decisión tomada polo xurado.

## MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

**4372** *REAL DECRETO 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do ingreso, dos accesos e da adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décima da citada lei. («BOE» 53, do 2-3-2007.)*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na súa disposición adicional sexta establece que, ademais das recollidas na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, modificada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo, son bases do réxime estatutario

dos funcionarios públicos docentes as reguladas pola propia lei orgánica e a normativa que a desenvolva para o ingreso e a mobilidade entre os corpos docentes, encomendándolle ao Goberno o seu desenvolvemento regulamentario naqueles aspectos básicos que sexan necesarios para garantir o marco común básico da función pública docente.

A promulgación da citada lei orgánica levou consigo unha serie de novidades ao ordenamento xurídico educativo, entre elas, algunhas relativas ao ámbito dos corpos de funcionarios docentes. Para os efectos do preceptuado neste real decreto importa especialmente o regulado nas disposicións adicionais novena e seguintes en relación ás formas de ingreso e acceso á función pública docente reguladas con anterioridade. Isto sucede, por exemplo, en relación aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e de deseño, dispoño a práctica dun proceso selectivo de acceso entre os que pertencen aos respectivos corpos de profesores. No caso dos catedráticos de música e artes escénicas e á marxe da aplicación do mesmo principio que para os outros corpos de catedráticos, haberá tamén un proceso de ingreso mediante a superación dun proceso selectivo e un sistema excepcional de ingreso mediante concurso de méritos destinado a personalidades de recoñecido prestixio nos seus respectivos campos profesionais. Así mesmo, en relación co corpo de inspectores de Educación, ademais do proceso selectivo de acceso, dispónse a posibilidade dun concurso de méritos destinado aos profesores que, reunindo os requisitos xerais, exercesen con avaliación positiva, polo menos durante tres mandatos, o cargo de director.

Tal e como se indicou, a lei en diversos preceptos e, en especial, na disposición adicional décimo segunda, regula os elementos fundamentais que deben configurar o sistema de ingreso e accesos na función pública docente, de forma que se lles proporcione aos devanditos sistemas a homoxeneidade necesaria para garantir a posterior mobilidade destes funcionarios a través dos concursos de traslados de ámbito estatal, previstos igualmente nesta.

Por outra banda, danse neste momento algunhas circunstancias que deben ser tidas en conta cando se trata de regular o ingreso aos distintos corpos docentes, por iso, visto o disposto ao respecto na disposición transitoria décima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, é necesario regular, de forma transitoria, un sistema de ingreso aos corpos de funcionarios docentes no cal se valore de forma preferente a experiencia docente previa nos centros públicos da mesma etapa educativa con total respecto ao establecido na xurisprudencia do Tribunal Constitucional sobre a materia.

Este real decreto e o regulamento que mediante el se aproba foi obxecto de consulta coas administracións educativas das comunidades autónomas, cumpriuse o previsto no artigo 32 da Lei 9/1987, do 12 de xuño, modificada pola Lei 7/1990, do 19 de xullo, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas, e sobre el emitiu informe a Comisión Superior de Persoal. Así mesmo, foi sometido a informe do Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros, na súa reunión do día 23 de febreiro de 2007,

## DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento xeral do ingreso, dos accesos e da adquisición de novas especialidades nos corpos

de funcionarios docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición transitoria primeira. *Sistema de ingreso durante a implantación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

En cumprimento do disposto na disposición transitoria décima.2 da Lei orgánica de educación, as disposicións contidas no título VI deste regulamento aplicaranse aos procedementos de ingreso aos corpos docentes que se convoquen durante os seus anos de implantación.

Disposición transitoria segunda. *Temarios.*

1. Nos procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos de funcionarios docentes a que se refire o regulamento que se aproba mediante este real decreto, convocados ao abeiro das ofertas de emprego público relativas ao ano 2007, serán de aplicación os temarios vixentes que correspondan a cada corpo e especialidade.

2. A estes temarios engadiráselles, co mesmo carácter transitorio, e logo de consulta ás comunidades autónomas, un dedicado á especialidade de primaria do corpo de mestres, especialidade que se engade, mentres non se regulen todas elas de xeito definitivo, ás vixentes especialidades deste corpo.

3. Ao devandito temario, que deberá comprender os aspectos didácticos e de contido educativo xeral, poderá incorporarse, nas convocatorias que realicen as administracións educativas con lingua cooficial, outros contidos relativos á propia lingua cooficial e á literatura, por ampliación parcial dos temas do temario a que se refire o punto anterior, e/ou por adición de novos temas nun número, en todo caso, non superior a seis.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido nesta norma e, en particular, o Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do ingreso, dos accesos e da adquisición de novas especialidades nos corpos docentes que imparten as ensinanzas escolares do sistema educativo e no corpo de inspectores de Educación.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto, así como o regulamento que se aproba, dítase en uso das competencias que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1, 1.<sup>a</sup>, 18.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> da Constitución e en virtude da habilitación que lle confire ao Goberno a disposición adicional sexta.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e ten carácter básico.

Exceptúanse do devandito carácter básico os seguintes artigos do regulamento: 3.2; 5; 6; 7; 8.1; 8.2; 10.2; 11; 16.2; 36.3, parágrafo segundo; 53.2, parágrafo terceiro; 54.3, parágrafo cuarto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 23 de febreiro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,  
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

**REGULAMENTO DO INGRESO, DOS ACCESOS E DA ADQUISICIÓN DE NOVAS ESPECIALIDADES NOS CORPOS DE FUNCIONARIOS DOCENTES A QUE SE REFIRE A LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN**

**TÍTULO I**

**Normas xerais**

**CAPÍTULO I**

**Obxecto e ámbito de aplicación**

**Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.**

Este regulamento ten por obxecto a regulación dos procedementos que convoquen as administracións educativas para o ingreso, os accesos e a adquisición de novas especialidades nos corpos de funcionarios docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

**TÍTULO II**

**Normas comúns a todos os procedementos**

**CAPÍTULO I**

**Dos principios reitores e dos órganos convocantes**

**Artigo 2. Principios reitores dos procedementos.**

Todos os procedementos regulados neste regulamento se realizarán mediante convocatoria pública e neles garantíranse, en todo caso, os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

Os procedementos a que se refire esta norma rexeranse polas bases da convocatoria respectiva, que se axustarán, en todo caso, ao disposto neste regulamento e ás demais normas que resulten de aplicación.

**Artigo 3. Órganos convocantes.**

1. O órgano competente das comunidades autónomas convocantes é o Ministerio de Educación e Ciencia canto ao seu ámbito de xestión; unha vez aprobadas as súas respectivas ofertas de emprego, procederán a realizar as convocatorias para a provisión das prazas autorizadas nas devanditas ofertas de emprego, con suxeición en todo caso ás normas de función pública que lles sexan de aplicación.

2. A través dos correspondentes convenios, o Ministerio de Educación e Ciencia e as comunidades autónomas poderán realizar convocatorias conxuntas co obxecto de cubrir as prazas vacantes que correspondan aos seus respectivos ámbitos de xestión nun mesmo procedemento selectivo.

**CAPÍTULO II**

**Dos órganos de selección**

**Artigo 4. Clases.**

A selección dos participantes nos distintos procedementos a que se refire este regulamento será realizada por tribunais e, se for o caso, por comisións de selección

ou órganos equivalentes nomeados para o efecto pola correspondente Administración educativa.

**Artigo 5. Nomeamento.**

1. Os membros dos órganos de selección serán nomeados en cada convocatoria ou, de ser o caso, no prazo e polo procedemento que nesta se dispoña. Na devandita convocatoria poderase determinar que sexan os mesmos tribunais os que desenvolvan os procesos selectivos correspondentes aos distintos procedementos de ingreso e acceso ou ben que cada un deles se encomende a tribunais distintos.

2. Cando se nomee máis dun tribunal para algunha ou algunhas das especialidades convocadas, as convocatorias poderán determinar a constitución de comisións de selección para todas ou algunha das especialidades afectadas por esa circunstancia.

3. No caso de comunidades autónomas con lingua cooficial, as convocatorias poderán determinar a constitución de tribunais distintos para cada modelo lingüístico dentro dunha mesma especialidade, podendo determinar, se é o caso, a constitución das correspondentes comisións de selección.

**Artigo 6. Funcións.**

1. Os órganos de selección actuarán con plena autonomía funcional, serán responsables da obxectividade do procedemento e garantirán o cumprimento das bases da convocatoria.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 8, corresponderalles aos tribunais, unha vez constituídos, todas ou algunhas das seguintes funcións:

a) A cualificación das distintas probas da fase de oposición.

b) A valoración dos méritos da fase de concurso.

c) O desenvolvemento dos procedementos selectivos de acordo co que dispoña a convocatoria.

d) No caso de tribunais únicos, ou, no caso de que non se constituán comisións de selección, a agregación das puntuacións da fase de concurso ás obtidas na fase de oposición, a ordenación dos aspirantes, a elaboración das listas dos aspirantes que superasen ambas as dúas fases, a declaración dos aspirantes que superasen as citadas fases de concurso e oposición, a publicación das listas correspondentes, así como a elevación destas ao órgano convocante.

3. No caso de que se constituán comisións de selección de acordo co previsto no artigo 5.2, as convocatorias atribuiránlles as seguintes funcións:

a) A coordinación dos tribunais.

b) A determinación dos criterios de actuación dos tribunais e a súa homoxeneización.

c) A agregación das puntuacións da fase de concurso ás adxudicadas polos tribunais na fase de oposición, a ordenación dos aspirantes e a elaboración das listas dos aspirantes que superasen ambas as dúas fases.

d) A declaración dos aspirantes que superasen as fases de concurso e oposición, a publicación das listas correspondentes a estes, así como a súa elevación ao órgano convocante.

4. En todo caso, corresponderalles aos tribunais a realización da fase de valoración dos coñecementos, das aptitudes e do dominio de técnicas a que se refire o artigo 21 de presente regulamento.

5. As convocatorias poderán determinar que a asignación da puntuación que lles corresponda na fase de concurso aos aspirantes, para todos ou algún dos méritos incluídos nos respectivos baremos, se encomende ás

comisións de selección. Igualmente poderán determinar que se encomende a outros órganos da Administración distintos dos tribunais, comisións de selección ou órganos equivalentes, os cales realizarán, por delegación destes, as tarefas materiais e puramente reguladas de aplicación dos baremos de méritos, achegándolles, unha vez concluída a fase de oposición, os resultados da súa actuación.

6. No caso de que a asignación da puntuación que corresponda á fase de concurso a realízen os tribunais, estes efectuarana unha vez finalizada a fase de oposición.

7. Cando existir máis dun tribunal por especialidade e non se dispuxer a constitución de comisións de selección, as convocatorias poderán estar formadas maioritariamente por funcionarios pertencentes ao corpo a que corresponda o proceso selectivo.

#### Artigo 7. *Composición.*

1. Os membros dos tribunais serán funcionarios de carreira en activo dos corpos de funcionarios docentes ou do corpo que se vai extinguir de inspectores ao servizo da Administración educativa e pertencerán todos a corpos de igual ou superior grupo de clasificación que o que lle corresponda ao corpo a que optan os aspirantes. En aplicación da excepción prevista no artigo 19.2 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, os tribunais poderán estar formados maioritariamente por funcionarios pertencentes ao corpo a que corresponda o proceso selectivo.

2. Os tribunais estarán formados por un número impar de membros, non inferior a cinco, e débese designar, como mínimo, o mesmo número de membros suplentes. Na súa composición velarase polo cumprimento do principio de especialidade, de acordo co cal, a maioría dos seus membros deberá ser titular da especialidade obxecto do proceso selectivo e tenderase á paridade entre profesoras e profesores, salvo que razóns fundadas e obxectivas o impidan.

3. A presidencia dos tribunais de acceso e, de ser o caso, de ingreso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, catedráticos de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas e catedráticos de artes plásticas e deseño atribuirase, con carácter preferente, a funcionarios de carreira dos respectivos corpos de catedráticos.

4. A presidencia dos tribunais de acceso ao corpo de inspectores de Educación atribuirase, con carácter preferente, a funcionarios de carreira do respectivo corpo e do corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa ou, de ser o caso, dos corpos docentes universitarios de igual ou superior nivel de complemento de destino ao asignado ao corpo.

5. Para a formación dos tribunais correspondentes aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores de artes plásticas e deseño, as convocatorias poderán establecer que unha determinada porcentaxe dos seus membros pertencan aos correspondentes corpos de catedráticos.

6. Excepcionalmente e por causas xustificadas poderase solicitar doutras administracións educativas que propoñan funcionarios da especialidade ou, se for o caso, do corpo correspondente para formar parte destes tribunais ou poderanse completar estes con funcionarios doutra especialidade; pódense designar neste caso asesores especialistas nos termos e co alcance previsto no artigo 8 deste regulamento.

7. A designación dos presidentes dos tribunais será realizada libremente polo órgano convocante. Os demais membros serán designados por sorteo, coa excepción

daqueles corpos ou especialidades en que o número de titulares non permita a realización deste, en cuxo caso as convocatorias poderán dispoñer outra forma de designación. Malia o anterior, as administracións educativas poderán dispoñer a posibilidade de participación voluntaria nestes, na forma e no prazo que establezan, e sempre con carácter previo ao procedemento de designación forzosa; esta participación pode ser recoñecida como mérito para os efectos que se determinen.

8. As comisións de selección estarán constituídas por polo menos cinco membros, podendo formar parte delas os presidentes dos tribunais. En todo caso será de aplicación o previsto nos parágrafos anteriores respecto dos membros dos tribunais.

#### Artigo 8. *Regras adicionais sobre composición e funcionamento.*

1. Os tribunais ou, se é o caso, as comisións de selección, poderán propoñer, de acordo co que establezan as respectivas convocatorias, a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas e axudantes. Serán funcións dos primeiros o asesoramento dos membros do órgano de selección na avaliación dos coñecementos e méritos obxecto da súa especialidade. Os axudantes colaborarán con estes órganos mediante a realización das tarefas técnicas de apoio que estes lles asignen. Na súa actividade, uns e outros, limitaranse ao exercicio das súas respectivas competencias.

Os asesores e axudantes deberán ter a capacidade profesional propia da función para a que sexan designados.

2. As convocatorias poderán establecer que a agregación das puntuacións das fases de concurso ás adxudicadas polos tribunais na fase de oposición, a ordenación dos aspirantes e a elaboración das listas dos aspirantes que superasen ambas as dúas fases, se lles encomende a órganos da Administración distintos dos tribunais, comisións de selección ou órganos equivalentes, os cales realizarán estas funcións por delegación dos referidos órganos de selección, achegándolles a eles os resultados que obteñan.

Así mesmo poderán establecer que, no sistema de acceso aos corpos de catedráticos a que se refire o capítulo II do título IV deste regulamento, a valoración dos méritos achegados polos participantes sexa realizada por outros órganos de selección distintos aos tribunais ou comisións de selección, en cuxo caso será a Administración educativa convocante a competente na declaración dos seleccionados nos correspondentes procedementos de acceso.

3. A participación nos órganos de selección ten carácter obrigatorio. As administracións educativas poderán determinar as circunstancias en que, pola súa situación administrativa, por causa de forza maior ou por outros motivos debidamente xustificadas que establezan, se é o caso, as administracións educativas competentes, determinados funcionarios poidan ser dispensados desta participación.

4. Cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou se realízen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas, para o mesmo corpo e especialidade, nos cinco anos anteriores, os membros dos órganos de selección deberán absterse de intervir, notificándollos, coa debida xustificación documental, á autoridade convocante, que resolverá o que proceda.

5. Poderá promoverse a recusación dos membros dos órganos de selección nos casos e forma previstos no artigo 29 da mesma lei.

## CAPÍTULO III

**Das convocatorias**Artigo 9. *Convocatorias.*

1. O Ministerio de Educación e Ciencia publicará no Boletín Oficial del Estado as convocatorias que realice, xunto coas súas bases. As convocatorias que realicen os órganos correspondentes das comunidades autónomas publicaranse nos seus respectivos boletíns ou diarios oficiais e no Boletín Oficial del Estado. Neste último caso, a publicación no Boletín Oficial del Estado poderase substituír pola inserción neste dun anuncio no cal se indique a Administración educativa convocante, o corpo ou corpos que afecta a convocatoria, o número de prazas convocadas, o boletín ou diario oficial, a data en que se fai pública a convocatoria, a data de remate do prazo de presentación de instancias e o órgano ou dependencia ao cal estas se deben dirixir.

2. As bases das convocatorias vincularán a Administración, os órganos de selección e os que participen nelas.

3. As convocatorias ou as súas bases, unha vez publicadas, soamente poderán ser modificadas con suxeición estrita ás normas da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Non obstante, cando se produza, unicamente, un incremento no número de prazas vacantes convocadas, non será preceptiva a apertura dun novo prazo de presentación de instancias, salvo que se engadan prazas vacantes dunha especialidade que non figurase na convocatoria.

4. A convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos deriven daquela e da actuación dos órganos de selección poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 10. *Contido das convocatorias.*

1. Ademais dos extremos que ao respecto establece a lexislación aplicable a cada órgano convocante, as convocatorias, que poderán ser únicas para os distintos procedementos de ingreso e accesos, ou específicas para cada un deles, deberán incluír o seguinte:

a) O número total de prazas convocadas, o grupo, o corpo, a especialidade, así como, se é o caso, as súas características e o número ou sistema para determinalo, que correspondan a cada un dos procedementos que nela se inclúan. Así mesmo, nos termos que establece a lexislación aplicable ás distintas administracións, establecerase a porcentaxe de reserva correspondente ás persoas con minusvalidez ou cuxo grao de minusvalidez sexa igual ou superior ao 33 por cento.

b) Determinación, nas convocatorias de ingreso nos corpos de profesores de ensino secundario e profesores de artes plásticas e deseño, da reserva dunha porcentaxe das prazas que se convoquen para o acceso de funcionarios dos corpos docentes clasificados no grupo B a que se refire a vixente lexislación da función pública, que deberán estar en posesión da titulación requirida para o ingreso nos correspondentes corpos e permaneceren nos seus corpos de procedencia un mínimo de seis anos como funcionarios de carreira.

c) Manifestación expresa de que os órganos de selección non poderán declarar que superaron as fases de oposición e concurso un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas.

d) Indicación expresa de que os aspirantes que superen o proceso selectivo estarán obrigados, para os

efectos de obter o seu primeiro destino definitivo no ámbito da Administración educativa convocante, a participar, tanto no primeiro concurso de traslados que se convoque coma nos sucesivos, na forma que determinen as respectivas convocatorias.

e) Indicación expresa de que non poderán concorrer ás prazas dun corpo os que xa posúan a condición de funcionarios de carreira deste, quen estean en prácticas ou quen estean pendentes do nomeamento de funcionarios de carreira no mesmo corpo, salvo que se concorra aos procedementos para a adquisición de novas especialidades a que se refire o título V do presente regulamento.

f) Indicación expresa de que quen supere as fases de oposición e concurso para o ingreso nun mesmo corpo en convocatorias correspondentes a distintas administracións educativas deberá, ao final das probas, optar por unha daquelas, renunciando a todos os dereitos que puidesen corresponderlle pola súa participación nas restantes. De non realizar esta opción, a aceptación do primeiro nomeamento como funcionario en prácticas entenderase como renuncia tácita aos restantes.

g) Indicación expresa da data de efectos do nomeamento como funcionario de carreira dos que superen todas as fases dos procedementos selectivos.

h) Naquelas probas escritas en que non se requira a exposición oral polo candidato ou lectura ante o tribunal, deberase garantir o anonimato dos aspirantes.

i) Determinación da forma en que, de acordo co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, deba de realizarse a publicación das restantes actuacións do procedemento selectivo.

2. Igualmente as convocatorias poderán determinar os seguintes extremos:

a) Que as prazas desertas nas distintas quendas e sistemas de acceso de cada corpo, unha vez concluídos, se acumulen ás correspondentes ao ingreso libre no devandito corpo, salvo que a lexislación aplicable ás distintas administracións educativas convocantes estableza outra cousa distinta, en canto ás prazas non cubertas das ofertadas á cota de reserva de prazas para persoas con minusvalidez.

b) As características e, de ser o caso, duración do período de prácticas que atenderá o establecido no artigo 30.1 do presente regulamento.

## CAPÍTULO IV

**Do desenvolvemento dos procedementos selectivos**Artigo 11. *Réxime aplicable.*

No non disposto no presente regulamento, as comunidades autónomas convocantes e os órganos de selección acomodaranse para o desenvolvemento dos procedementos selectivos, en canto ás actuacións que deban realizar e aos prazos sinalados para iso, ao que dispoña a normativa aplicable a cada unha destas administracións en materia de ingreso á función pública.

## CAPÍTULO V

**Dos requisitos que deben reunir os participantes**Artigo 12. *Requisitos xerais.*

1. Os que aspiren a participar nos procedementos selectivos deberán cumprir as condicións xerais seguintes:

a) Ser español ou nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ao que sexa de aplicación a Directiva 2004/38/CE, do Parlamento Europeo, sobre libre circulación de traballadores, e a norma que se dite para a súa incorporación ao ordenamento xurídico español.

b) Ter cumpridos dezaioito anos e non alcanzar a idade establecida, con carácter xeral, para a xubilación.

c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións correspondentes ao corpo e especialidade a que se opta.

d) Non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Os aspirantes cuxa nacionalidade non sexa a española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

e) Non ser funcionario de carreira, en prácticas ou estar pendente do correspondente nomeamento como funcionario de carreira do mesmo corpo a que se refira a convocatoria, salvo que se concorra aos procedementos para a adquisición de novas especialidades a que se refire o título V do regulamento.

f) Acreditar, de ser o caso, o coñecemento da lingua cooficial da comunidade autónoma convocante, de acordo coa súa normativa.

2. Así mesmo, de acordo co que se establece no artigo 16 deste regulamento, as convocatorias poderán determinar a forma en que os aspirantes que non posúan a nacionalidade española deban acreditar un coñecemento adecuado do castelán e, se for o caso, do idioma propio cooficial.

### Artigo 13. *Requisitos específicos.*

Ademais das condicións xerais que se establecen no artigo anterior, os que aspiren a participar nos procedementos selectivos deberán reunir os requisitos específicos seguintes:

1. Para o ingreso no corpo de mestres: estar en posesión do título de mestre ou o título de grao correspondente.

2. Para o ingreso no corpo de profesores de ensino secundario:

a) Estar en posesión do título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes para os efectos de docencia.

b) Estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3. Para o ingreso no corpo de profesores técnicos de formación profesional:

a) Estar en posesión da titulación de diplomado universitario, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes para os efectos de docencia.

b) Estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

4. Para o ingreso no corpo de catedráticos de música e artes escénicas: estar en posesión do título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou título de grao correspondente, ou outro título equivalente para os efectos de docencia.

5. Para o ingreso no corpo de profesores de música e de artes escénicas:

a) Estar en posesión do título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou título de grao correspondente, ou outros títulos equivalentes para os efectos de docencia.

b) Coa excepción dos que ingresen no corpo en especialidades propias de arte dramática, estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2 de Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

6. Para o ingreso no corpo de profesores de artes plásticas e deseño:

a) Estar en posesión do título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou título de grao correspondente, ou outros títulos equivalentes para os efectos de docencia.

b) Estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

7. Para o ingreso no corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño:

a) Estar en posesión da titulación de diplomado universitario, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes para os efectos de docencia.

b) Estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

8. Para o ingreso no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas:

a) Estar en posesión do título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou título de grao correspondente, ou outros títulos equivalentes para os efectos de docencia.

b) Estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

### Artigo 14. *Prazo en que se deben reunir os requisitos.*

Todas as condicións e requisitos enumerados nos artigos 12 e 13 anteriores deberanse reunir na data en que finalicen os prazos de presentación de instancias e manterse ata a toma de posesión como funcionarios de carreira.

### Artigo 15. *Imposibilidade de concorrer a máis dunha quenda.*

Ningún aspirante se poderá presentar, dentro dunha mesma convocatoria, a prazas dun mesmo corpo e especialidade correspondentes a distintas quendas de ingreso ou accesos entre corpos de funcionarios docentes.

### Artigo 16. *Acreditación do coñecemento do castelán e de linguas cooficiais das comunidades autónomas.*

1. Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán acreditar un coñecemento axeitado do castelán. Para estes efectos as convocatorias poderán determinar a forma de acreditar ese coñecemento e poderán exixir para tal fin a superación dunha proba na cal se comprobará que posúen un nivel axeitado de comprensión e expresión oral e escrita desta lingua, salvo que as probas selectivas impliquen por si mesmas a demostración do devandito coñecemento.

2. Nas convocatorias que inclúan prazas situadas en comunidades autónomas cuxa lingua propia teña carácter cooficial, cando o coñecemento desta lingua constitúa un requisito para o ingreso ou o acceso ás devanditas

prazas, poderanse establecer os procedementos axeitados para acreditar o seu coñecemento.

### TÍTULO III

#### Do sistema de ingreso

##### CAPÍTULO I

##### Normas xerais

#### Artigo 17. *Sistema selectivo.*

1. O sistema de selección debe permitir avaliar a idoneidade dos aspirantes para o exercicio da docencia. Para iso, os procedementos de selección deben comprobar non só os coñecementos específicos, científicos e técnicos da especialidade docente a que se opta, senón tamén a aptitude pedagóxica e o dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente.

En concordancia co disposto no artigo 58 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nos procedementos selectivos de ingreso aos corpos e especialidades que atenden exclusivamente as ensinanzas artísticas superiores, deberase acreditar, ademais, a formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das ensinanzas artísticas.

2. De conformidade co establecido na disposición adicional décimo segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou sistema de ingreso na función pública docente será o de concurso-oposición convocado polas respectivas administracións educativas. Así mesmo existirá unha fase de prácticas, que poderá incluír cursos de formación, e constituirá parte do proceso selectivo.

##### CAPÍTULO II

##### Da fase de oposición

#### Artigo 18. *Fase de oposición.*

1. Na fase de oposición dos procedementos selectivos terase en conta a posesión dos coñecementos específicos da especialidade docente a que se opta, a aptitude pedagóxica e o dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente.

2. As probas convocaranse, segundo corresponda, de acordo coas especialidades docentes e gardarán relación cos temarios nos termos establecidos para cada unha delas.

3. A orde en que se deban desenvolver as probas e as súas partes ou exercicios, así como a súa duración, será determinada polas administracións educativas nas súas respectivas convocatorias.

#### Artigo 19. *Temarios.*

Logo de consulta coas comunidades autónomas, regulamentariamente aprobaranse os temarios definitivos que correspondan para os diferentes corpos e especialidades.

#### Artigo 20. *Carácter das probas.*

1. Cada unha das probas da fase de oposición terá carácter eliminatorio.

2. Todas as probas das especialidades de idiomas modernos nos corpos de mestres, de profesores de

ensino secundario e de profesores de escolas oficiais de idiomas desenvolveranse no idioma correspondente.

3. En todas as especialidades que inclúan habilidades instrumentais ou técnicas, estas habilidades deberán ser avaliadas nalgunha das probas.

#### Artigo 21. *Probas da fase de oposición.*

Nos procedementos de ingreso aos corpos de funcionarios docentes a fase de oposición constará de dúas probas que se axustarán ao que se indica a seguir:

1. Unha proba, que terá por obxecto a demostración dos coñecementos específicos da especialidade docente a que se opta e que constará de dúas partes que serán valoradas conxuntamente:

Parte A: en todas as especialidades, as administracións educativas convocantes incluírán unha proba práctica que permita comprobar que os candidatos posúen a formación científica e o dominio das habilidades técnicas correspondentes á especialidade a que opte. No caso de especialidades propias das ensinanzas artísticas que atenden exclusivamente as ensinanzas artísticas superiores, nesta proba práctica deberase acreditar, ademais, a formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das ensinanzas artísticas.

Parte B: esta parte consistirá no desenvolvemento por escrito dun tema elixido polo aspirante de entre un número de temas, extraídos ao chou polo tribunal, proporcional ao número total de temas do temario de cada especialidade, e terá en conta os seguintes criterios:

a) Naquelas especialidades que teñan un número non superior a 25 temas, deberán elixir entre dous temas.

b) Naquelas especialidades que teñan un número superior a 25 temas e inferior a 51, deberán elixir entre tres temas.

c) Naquelas especialidades que teñan un número superior a 50 temas, deberán elixir entre catro temas.

Esta proba valorarase de cero a dez puntos. Cada unha das dúas partes de que consta deberá supoñer como mínimo tres puntos dos dez que comprenderá a valoración total desta proba.

Para a súa superación, os aspirantes deberán alcanzar unha puntuación mínima igual ou superior a cinco puntos, sendo este o resultado de sumar as puntuacións correspondentes ás dúas partes. Para estes efectos, a puntuación obtida en cada unha das partes deberá ser igual ou superior ao 25 por 100 da puntuación asignada a estas.

2. Outra proba, que terá por obxecto a comprobación da aptitude pedagóxica do aspirante e o seu dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente e que consistirá na presentación dunha programación didáctica e na preparación e exposición oral dunha unidade didáctica:

2. A) Presentación dunha programación didáctica. A programación didáctica fará referencia ao currículo dunha área, materia ou módulo relacionados coa especialidade pola cal se participa, en que se deberán especificar os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e a metodoloxía, así como á atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esta programación corresponderase cun curso escolar dun dos niveis ou etapas educativas en que o profesorado desa especialidade teña atribuída competencia docente para impartilo e, no caso dos aspirantes ao ingreso no corpo de profesores de ensino secundario, poderá estar referida á etapa da educación secundaria obrigatoria, ao bacharelato ou aos ciclos formativos de formación profesional. A programación elaborada polo aspirante, de acordo cos termos que

fixen as respectivas convocatorias, deberase presentar e será defendida ante o tribunal no momento que estableza a Administración educativa convocante.

2. B) Preparación e exposición dunha unidade didáctica.—A preparación e exposición oral, ante o tribunal, dunha unidade didáctica poderá estar relacionada coa programación presentada polo aspirante ou elaborada a partir do temario oficial da especialidade. No primeiro caso, o aspirante elixirá o contido da unidade didáctica de entre tres extraídas ao chou por el mesmo, da súa propia programación. No segundo caso, o aspirante elixirá o contido da unidade didáctica dun tema de entre tres extraídos ao chou por el mesmo, do temario oficial da especialidade. Na elaboración da citada unidade didáctica deberanse concretar os obxectivos de aprendizaxe que se perseguen con ela, os seus contidos, as actividades de ensino e a aprendizaxe que se van formular na aula e os seus procedementos de avaliación.

Nas especialidades propias da formación profesional específica, tanto do corpo de profesores de ensino secundario como do de profesores técnicos de formación profesional, a unidade didáctica poderase referir a unidades de traballo e deberase relacionar coas capacidades terminais asociadas ás correspondentes unidades de competencia propias do perfil profesional de que se trate.

Nas especialidades de psicología e pedagogía do corpo de profesores de ensino secundario e na de servizos á comunidade do corpo de profesores técnicos de formación profesional, os aspirantes poderán optar por desenvolver un programa de intervención nun centro escolar ou nun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica.

Para a preparación e exposición da unidade didáctica, o aspirante poderá utilizar o material auxiliar que considere oportuno e que deberá achegar el mesmo, así como un guión ou equivalente que deberá ser entregado ao tribunal ao final daquela.

Esta proba valorarase globalmente de cero a dez puntos e o aspirante deberá alcanzar, para a súa superación, unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

#### Artigo 22. *Cualificacións.*

As cualificacións das probas expresaranse en números de cero a dez. Nelas será necesario obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos para poder acceder á proba seguinte ou, no caso da última proba, para proceder á valoración da fase de concurso.

### CAPÍTULO III

#### Da fase de concurso

#### Artigo 23. *Méritos.*

1. Na fase de concurso valoraranse, na forma que establezan as convocatorias, os méritos dos aspirantes; entre outros figurarán a formación académica e a experiencia docente previa. En todo caso, os baremos das convocatorias deberán respectar as especificacións básicas e estrutura que se recollen no anexo I deste regulamento.

2. A cualificación da fase de concurso aplicaráselles unicamente aos aspirantes que superasen a fase de oposición.

### CAPÍTULO IV

#### Da cualificación das distintas fases e selección dos aspirantes para a realización da fase de prácticas

#### Artigo 24. *Publicidade das cualificacións.*

As convocatorias sinalarán o modo de facer públicos os resultados obtidos polos aspirantes ao longo do proceso selectivo. En todo caso, terán carácter público os resultados das probas que permitan acceder a outra proba posterior, as puntuacións da fase de concurso e as finais dos seleccionados para a realización da fase de prácticas.

#### Artigo 25. *Sistema de cualificación.*

1. A cualificación correspondente á fase de oposición será a media aritmética das puntuacións obtidas nas probas integrantes desta fase, cando todas elas sexan superadas.

2. A ponderación das puntuacións das fases de oposición e concurso para formar a puntuación global será de dous terzos para a fase de oposición e dun terzo para a fase de concurso.

#### Artigo 26. *Superación das fases de oposición e concurso.*

1. Resultarán seleccionados para pasar á fase de prácticas aqueles aspirantes que, unha vez ordenados segundo a puntuación global das fases de oposición e concurso, teñan un número de orde igual ou menor que o número total de prazas convocadas, no correspondente corpo e especialidade, pola respectiva Administración educativa.

2. No caso de que se producisen empates, estes resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación na fase de oposición.
- b) Maior puntuación en cada un dos exercicios da oposición, pola orde en que estes aparezan na respectiva convocatoria.
- c) Maior puntuación nas epígrafes do baremo de méritos pola orde en que estas aparezan na convocatoria.
- d) Maior puntuación nas subepígrafes do baremo, pola orde en que estas aparezan na convocatoria.

Unha vez aplicados os criterios anteriores, de persistir o empate, as convocatorias establecerán un quinto criterio de desempate.

#### Artigo 27. *Confección das listas de aspirantes seleccionados nas fases de oposición e concurso.*

1. Para cada un dos corpos obxecto da convocatoria, os órganos de selección elaborarán unha lista única por especialidades, formada por todos os aspirantes seleccionados. No caso de que a convocatoria sexa única para as distintas formas de ingreso e acceso a un corpo, nestas listas figurarán, en primeiro lugar, os aspirantes que accedesen desde corpos do mesmo grupo e nivel de complemento de destino; en segundo lugar, os da quenda de acceso desde corpos de distinto grupo e, en terceiro lugar, os ingresados pola quenda libre.

2. Dentro de cada un destes grupos, os aspirantes seleccionados ordenaranse pola puntuación obtida. Os aspirantes acollidos á reserva correspondente ás persoas con minusvalidez establecida no artigo 10.1. a) incluíranse no terceiro grupo de acordo coa súa puntuación.



3. No caso de que ao confeccionar estas listas se producisen empates, estes resolveranse de acordo co establecido no artigo 26.2.

**Artigo 28.** *Publicación das listas de aspirantes seleccionados que superaron as fases de oposición e concurso.*

Unha vez rematada a selección dos aspirantes, e dado que a fase de oposición non leva consigo, por si soa, ningún dereito ao ingreso ou acceso aos corpos de funcionarios docentes a que se aspira, os órganos de selección farán pública a relación de aspirantes seleccionados que superaron as fases de oposición e concurso por orde de puntuación e, de ser o caso, por quenda, non podendo exceder estes o número de prazas convocadas, e elevaránlle a devandita relación ao órgano convocante, de acordo co disposto no artigo 18.5 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública. As administracións educativas incluírán nas súas convocatorias a fixación dun prazo para a reclamación dos posibles erros.

## CAPÍTULO V

### Da fase de prácticas

**Artigo 29.** *Nomeamento de funcionarios en prácticas.*

1. Unha vez formadas estas listas, o órgano convocante procederá a nomear funcionarios en prácticas os integrantes destas, asignándolles destino para realízalas de acordo coas necesidades do servizo.

2. Os aspirantes seleccionados que fosen declarados exentos da realización da fase de prácticas, permanecerán nos seus corpos de orixe ata que se proceda á aprobación dos expedientes dos procedementos selectivos e o seu posterior nomeamento como funcionarios de carreira.

3. Os aspirantes que, aínda estando exentos da realización da fase de prácticas, optasen por incorporarse como funcionarios en prácticas ao destino asignado, quedarán eximidos da súa avaliación, permanecendo nesta situación ata a aprobación dos expedientes dos procedementos selectivos e o seu posterior nomeamento como funcionarios de carreira.

**Artigo 30.** *Regulación da fase de prácticas.*

1. As administracións educativas, de acordo co establecido no artigo 10 deste regulamento, regularán a organización da fase de prácticas que incluírá un período de docencia directa que formará parte do procedemento selectivo e que terán por obxecto comprobar a aptitude para a docencia dos aspirantes seleccionados. Este período de exercicio da docencia en centros públicos de desenvolverase baixo a titoría de profesores experimentados, preferentemente do correspondente corpo de catedráticos, terá unha duración maior a un trimestre e non superior a un curso escolar e poderá incluír cursos de formación.

2. As administracións educativas poderán regular a exención da avaliación da fase de prácticas dos que superasen as fases de oposición e concurso dos procedementos selectivos de ingreso aos corpos que impartan docencia e acrediten prestar servizos, polo menos durante un curso escolar, como funcionarios docentes de carreira.

**Artigo 31.** *Avaliación da fase de prácticas.*

1. A avaliación da fase de prácticas realizarase de forma que se garanta que os aspirantes posúan as capacida-

des didácticas necesarias para a docencia. Nesta avaliación, o profesor titor e o funcionario en prácticas compartirán a responsabilidade sobre a programación das ensinanzas dos alumnos deste último. Así mesmo, terase en conta a valoración dos cursos de formación que se desenvolvesen, sempre que este extremo fose determinado nas respectivas convocatorias e, se for o caso, fosen incluídos na regulación da fase de prácticas conforme o disposto, respectivamente, nos puntos 10.2.b) e 30.1 deste regulamento.

2. Ao remate da fase de prácticas, avaliarase cada aspirante en termos de «apto» ou «non apto». Neste último caso, a Administración poderá autorizar a repetición desta fase por unha única vez, e estes aspirantes poderanse incorporar cos seleccionados da seguinte promoción, ocupando, nesta promoción, o número de orde seguinte ao do último seleccionado na súa especialidade. Caso de non se poder incorporar á seguinte promoción por non se convocar ese ano procedemento selectivo de ingreso ao mesmo corpo e especialidade, realizarán a fase de prácticas durante o curso seguinte a aquel en que foi cualificado como «non apto». Os que non se incorporen ou sexan declarados non aptos por segunda vez perderán todos os dereitos ao seu nomeamento como funcionarios de carreira.

3. Os órganos correspondentes da Administración educativa declarararán, mediante resolución motivada, a perda de todos os dereitos ao nomeamento como funcionarios de carreira dos aspirantes que sexan cualificados por segunda vez como «non aptos» na fase de prácticas.

## CAPÍTULO VI

### Dos expedientes dos procedementos selectivos e do nomeamento de funcionarios de carreira

**Artigo 32.** *Nomeamento de funcionarios de carreira.*

1. Concluída a fase de prácticas e comprobado que todos os aspirantes declarados aptos nesta reúnen os requisitos xerais e específicos de participación establecidos na convocatoria, as administracións educativas aprobarán os expedientes dos procedementos selectivos, que farán públicos na mesma forma que se fixo pública a convocatoria e remitirán as listas de seleccionados nos diferentes corpos ao Ministerio de Educación e Ciencia, para os efectos do seu nomeamento e a expedición dos correspondentes títulos de funcionarios de carreira.

2. Cando se trate de corpos pertencentes a comunidades autónomas que procedesen a regular a súa función pública docente, o nomeamento e a expedición dos títulos de funcionarios de carreira corresponderalles aos órganos correspondentes da súa Administración educativa. Nestes casos, para os efectos de rexistro, remitiráselle ao Ministerio de Educación e Ciencia unha copia da orde ou resolución de nomeamento e das listas de ingresados nos respectivos corpos.

## TÍTULO IV

### Accesos entre os corpos de funcionarios docentes

#### CAPÍTULO I

### Do acceso dos funcionarios dos corpos docentes a outros corpos docentes incluídos nun grupo de clasificación superior

**Artigo 33.** *Ámbito de aplicación.*

O presente capítulo será de aplicación aos procedementos de acceso aos corpos de funcionarios docentes a que se refire o número 3 da disposición adicional décimo

segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

**Artigo 34. *Reserva de prazas.***

Nas convocatorias de ingreso nos corpos de profesores de ensino secundario e de profesores de artes plásticas e deseño, reservarase unha porcentaxe das prazas que se convoquen para o acceso de funcionarios docentes clasificados no grupo B a que se refire a vixente lexislación da función pública.

**Artigo 35. *Requisitos dos participantes.***

Os que desexen participar nestas convocatorias deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión das titulacións que, para o ingreso nos correspondentes corpos, se establecen no artigo 13 deste regulamento.
- b) Ter permanecido nos seus corpos de procedencia un mínimo de seis anos como funcionario de carreira.
- c) Acreditar, de ser o caso, o coñecemento da lingua cooficial da comunidade autónoma convocante, de acordo coa súa normativa.

**Artigo 36. *Sistema selectivo.***

1. O sistema selectivo constará dun concurso de méritos e unha proba e resultarán seleccionados aqueles aspirantes que, superada a proba e ordenados segundo a suma das puntuacións alcanzadas no concurso e na proba, obteñan un número de orde igual ou inferior ao número de vacantes ofrecidas.

No caso de se produciren empates, estes resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación na proba.
- b) Maior puntuación en cada unha das epígrafes do baremo de méritos pola orde en que estas aparezan na respectiva convocatoria.
- c) Maior puntuación nas subepígrafes do baremo, pola orde en que estas aparezan na convocatoria.

Unha vez aplicados os criterios anteriores, de persistir o empate, as convocatorias poderán establecer un cuarto criterio de desempate.

2. Na fase de concurso valoraranse preferentemente os méritos dos concursantes, entre os cales se terán en conta o traballo desenvolvido e os cursos de formación e perfeccionamento superados, así como os méritos académicos e a avaliación positiva da actividade docente. A valoración realizarase de acordo co baremo que, para cada convocatoria, estableza a Administración educativa convocante e que, en todo caso, deberá respectar as especificacións básicas que se recollen no anexo II a este regulamento. Esta fase puntuarase de cero a dez puntos e non terá carácter eliminatorio.

3. A proba consistirá na exposición dun tema da especialidade a que se acceda, elixido polo aspirante de entre oito elixidos ao chou polo tribunal, dos correspondentes ao temario do corpo e especialidade a que se refire o artigo 19 deste regulamento. No caso de concordancia entre a titulación académica con que se opta e a especialidade a que se aspira, o tema será elixido polo aspirante de entre nove elixidos ao chou polo tribunal. Na súa exposición atenderase tanto aos coñecementos sobre a materia coma aos recursos didácticos e pedagóxicos dos candidatos.

Para aquelas especialidades en que así se determine nas respectivas convocatorias, a proba poderá incorporar contidos prácticos. No caso de especialidades propias das ensinanzas artísticas que atenden exclusivamente as

ensinanzas artísticas superiores, nesta parte práctica deberase acreditar, ademais, a formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das ensinanzas artísticas.

A duración e os contidos desta proba serán fixados na correspondente convocatoria pola Administración educativa convocante.

A proba valorarase de cero a dez puntos e os aspirantes deberán obter, polo menos, cinco puntos para superala. Para a súa superación atenderase, tanto aos coñecementos sobre a materia coma aos recursos didácticos e pedagóxicos dos aspirantes.

4. A ponderación das puntuacións das fases de oposición e concurso para formar a puntuación global será dun 55% para a fase de oposición e un 45% para a fase de concurso.

5. Os que accedan por este procedemento estarán exentos da realización da fase de prácticas e nos supostos en que a adxudicación de destinos se realice atendendo á puntuación obtida nos procedementos selectivos, terán prioridade, na obtención destes, sobre os aspirantes que ingresen pola quenda libre da convocatoria do mesmo ano.

6. Malia o disposto no punto anterior, os aspirantes seleccionados que estean a ocupar, con carácter definitivo no ámbito da Administración educativa convocante, prazas do corpo e da especialidade a que acceden, poderán optar, nas condicións que se establezan nas respectivas convocatorias, por permanecer nestas.

## CAPÍTULO II

### **Do acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de música e artes escénicas, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas**

**Artigo 37. *Ámbito de aplicación.***

O presente capítulo será de aplicación aos procedementos de acceso aos corpos de funcionarios docentes a que se refiren os números 1, 2, 3 e 4 da disposición adicional décima, así como o número 2 da disposición adicional décimo segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Para estes efectos e de conformidade co disposto no último parágrafo do número 2 da disposición adicional décimo segunda da lei, deberase ter en conta que o número de funcionarios dos corpos de catedráticos, agás o corpo de catedráticos de música e artes escénicas, non superará, en cada caso, o 30 por 100 do número total de funcionarios de cada corpo de orixe.

**Artigo 38. *Requisitos dos participantes.***

Os que desexen participar nestas convocatorias deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou título de grao correspondente, ou titulación equivalente para os efectos de docencia.
- b) Pertencer ao correspondente corpo de profesores.
- c) Acreditar unha antigüidade mínima de oito anos, no correspondente corpo, como funcionario de carreira.
- d) Acreditar, de ser o caso, o coñecemento da lingua cooficial da comunidade autónoma convocante, de acordo coa súa normativa.

**Artigo 39. *Sistema selectivo.***

1. O sistema de acceso aos citados corpos consistirá nun concurso en que se valorarán os méritos relacionados coa actualización científica e didáctica, a participación en proxectos educativos, a avaliación positiva da activi-

dade docente e, de ser o caso, a traxectoria artística dos candidatos; resultarán seleccionados aqueles aspirantes que, ordenados segundo a suma de puntuacións alcanzadas, obteñan un número de orde igual ou inferior ao número de vacantes ofrecidas.

Para o acceso ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas os aspirantes deberán acreditar, ademais, a formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das ensinanzas artísticas.

2. A valoración dos méritos a que se refire o punto anterior realizarase de acordo co baremo que para cada convocatoria estableza a Administración educativa convocante, que en todo caso deberá respectar as especificacións básicas que se recollen no anexo II a este regulamento, e deberá ter en conta que a avaliación da actividade docente se realizará nas condicións que establezan as administracións educativas convocantes.

No caso de se produciren empates, estes resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

a) Maior puntuación en cada unha das epígrafes do baremo de méritos pola orde en que estas aparezan na respectiva convocatoria.

b) Maior puntuación nas subepígrafes do baremo, pola orde en que estas aparezan na convocatoria.

Unha vez aplicados os criterios anteriores, de persistir o empate, as convocatorias establecerán un terceiro criterio de desempate.

3. Os que accedan por este procedemento estarán exentos da realización da fase de prácticas e permanecerán no mesmo destino que ocupasen no corpo de procedencia.

4. Os que accedan por este procedemento ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas terán prioridade, nos supostos en que a adxudicación de destinos se realice atendendo á puntuación obtida nos procedementos selectivos, sobre os aspirantes que ingresen pola quenda libre da convocatoria do mesmo ano.

### CAPÍTULO III

#### Do acceso ao corpo de inspectores de Educación

##### Artigo 40. *Ámbito de aplicación.*

O presente capítulo será de aplicación aos procedementos de acceso ao corpo de funcionarios docentes a que se refiren os números 5 da disposición adicional décima e 4 da disposición adicional décimo segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

##### Artigo 41. *Requisitos dos participantes.*

Os que desexen participar nestas convocatorias deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou grao correspondente ou título equivalente.

b) Pertencer a algún dos corpos que integran a función pública docente.

c) Acreditar unha antigüidade mínima de seis anos, como funcionario de carreira, nalgún dos corpos que integran a función pública docente, e unha experiencia docente de igual duración.

d) Acreditar, de ser o caso, o coñecemento da lingua cooficial da comunidade autónoma convocante, de acordo coa súa normativa.

##### Artigo 42. *Sistema selectivo.*

1. O sistema de selección debe permitir avaliar a cualificación dos aspirantes para o exercicio da función inspectora que van realizar, así como os coñecementos e técnicas específicas para o seu desempeño.

2. De conformidade co establecido no número 4 da disposición adicional décimo segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o sistema de acceso ao corpo de inspectores de Educación será o de concurso-oposición. Así mesmo, existirá unha fase de prácticas que formará parte do proceso selectivo.

3. De conformidade, así mesmo, co disposto na citada disposición e epígrafe, nas convocatorias de acceso a este corpo, as administracións educativas poderán reservar ata un terzo das prazas que se convoquen para a provisión mediante concurso de méritos destinado aos profesores que, reunindo os requisitos xerais, exercen con avaliación positiva, polo menos durante tres mandatos, o cargo de director.

##### Artigo 43. *Temario.*

1. Logo da consulta ás comunidades autónomas, regulamentariamente aprobarase o temario para o acceso ao corpo de inspectores de Educación.

2. O temario referirase aos coñecementos propios e específicos da función inspectora e terá dúas partes claramente diferenciadas:

Parte A: incluirá temas xerais relativos a cuestións pedagóxicas sobre organización curricular, organización escolar, xestión de centros educativos, administración e lexislación educativa básica, así como as funcións inspectoras.

Parte B: incluirá temas de carácter específico que se referirán ás características propias dos niveis e etapas educativas, ao desenvolvemento curricular e á correspondente metodoloxía didáctica, á organización e administración dos centros e á lexislación da Administración educativa convocante.

3. Nas convocatorias que realicen as administracións educativas engadiranse, aos temas de carácter específico da parte B do temario, outros relacionados coa estrutura e funcionamento dos órganos da Inspección Educativa, así como coa organización administrativa da comunidade autónoma.

##### Artigo 44. *Fase de oposición.*

A fase de oposición consistirá nunha proba en que se valorarán os coñecementos pedagóxicos, de administración e lexislación educativa axeitada á función inspectora que van realizar os aspirantes, así como os coñecementos e técnicas específicos para o seu desempeño.

A proba a que se alude no parágrafo anterior constará de tres partes e axustarase ao que se indica a seguir:

1. Consistirá no desenvolvemento por escrito dun tema referido á parte A do temario, elixido polo aspirante de entre dous extraídos por sorteo polo tribunal.

2. Consistirá na exposición oral dun tema referido á parte B do temario, elixido polo aspirante de entre dous extraídos por sorteo polo tribunal.

3. Consistirá na análise dun caso práctico sobre as técnicas axeitadas para a actuación da inspección de educación, que será proposto polo tribunal.

As administracións educativas determinarán nas súas respectivas convocatorias as características e duración de cada unha das tres partes da proba, que se cualificarán de 0 a 10 puntos, respectivamente.

**Artigo 45. Cualificacións.**

Para superar a proba, os aspirantes deberán obter, en cadansúa parte, polo menos a metade da cualificación máxima establecida, sendo a puntuación final o resultado de ponderar nun 40% a puntuación obtida na parte 3 e nun 30% cada unha das outras dúas partes.

**Artigo 46. Fase de concurso.**

Na fase de concurso valorarase a traxectoria profesional dos candidatos e os seus méritos específicos como docentes, o desempeño de cargos directivos con avaliación positiva e a pertenza a algún dos corpos de catedráticos a que se refire a Lei orgánica de educación e o exercicio, de ser o caso, da función inspectora. En todo caso, os baremos das convocatorias deberán respectar as especificacións básicas que se recollen no anexo III a este regulamento.

**Artigo 47. Superación das fases de oposición e concurso.**

1. Resultarán seleccionados para pasar á fase de prácticas aqueles aspirantes que, unha vez ordenados segundo a puntuación global das fases de oposición e concurso, teñan un número de orde igual ou menor que o número total de prazas convocadas. Para estes efectos a puntuación global destas fases será o resultado de ponderar en dous terzos a fase de oposición e un terzo a fase de concurso.

2. No caso de que se producisen empates, estes resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación na fase de oposición.
- b) Maior puntuación en cada un dos exercicios da oposición, pola orde que se estableza na respectiva convocatoria.
- c) Maior puntuación nas epígrafes do baremo de méritos, pola orde en que estas aparezan na convocatoria.
- d) Maior puntuación nas subepígrafes do baremo, pola orde en que estas aparezan na convocatoria.

Unha vez aplicados os criterios anteriores, de persistir o empate, as convocatorias establecerán un quinto criterio de desempate.

**Artigo 48. Fase de prácticas.**

1. Unha vez publicadas as listas dos aspirantes seleccionados, o órgano convocante procederá a nomear funcionarios en prácticas os integrantes destas.

2. As administracións educativas regularán a organización desta fase de prácticas que forma parte do proceso selectivo. Esta fase terá unha duración maior a un trimestre e non superior a un curso e poderá incluír cursos de formación.

3. A avaliación das prácticas deberá garantir que os aspirantes posúan a axeitada preparación para levar a cabo as funcións atribuídas ao corpo de inspectores de Educación.

4. Os aspirantes que superen a fase de prácticas e aqueles que fosen declarados exentos da súa realización serán nomeados, polo Ministerio de Educación e Ciencia, funcionarios de carreira do corpo de inspectores de Educación.

**CAPÍTULO IV****Do acceso de funcionarios docentes a outros corpos do mesmo grupo e nivel de complemento de destino****Artigo 49. Ámbito de aplicación.**

O presente capítulo seralles de aplicación aos procedementos de acceso entre os corpos de funcionarios docentes a que se refire o número 5 da disposición adicional décimo segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

**Artigo 50. Requisitos dos participantes.**

Os funcionarios de carreira dos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderán acceder a outros corpos de funcionarios docentes do mesmo grupo e nivel de complemento de destino mediante a súa participación nos procedementos que se regulan neste capítulo, sen limitación de antigüidade.

Para estes efectos deberán estar en posesión das titulacións que para o ingreso nos distintos corpos se establecen no artigo 13 deste regulamento, así como acreditar, de ser o caso, o coñecemento da lingua cooficial da comunidade autónoma convocante, de acordo coa súa normativa.

**Artigo 51. Sistema selectivo.**

1. O sistema de selección constará dun concurso de méritos e dunha proba e resultarán seleccionados aqueles aspirantes que, superada a proba e ordenados segundo a suma das puntuacións alcanzadas no concurso e na proba, obteñan un número de orde igual ou inferior ao número de vacantes ofrecidas.

No caso de se produciren empates, estes resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación na proba.
- b) Maior puntuación en cada unha das epígrafes do baremo de méritos pola orde en que estas aparezan na respectiva convocatoria.
- c) Maior puntuación nas subepígrafes do baremo, pola orde en que estas aparezan na convocatoria.

Unha vez aplicados os criterios anteriores, de persistir o empate, as convocatorias poderán establecer un cuarto criterio de desempate.

2. Na fase de concurso, que non terá carácter eliminatorio, teranse en conta a experiencia docente e as probas que no seu día se superaron de acordo co baremo que para cada convocatoria establece a Administración educativa convocante e que, en todo caso, deberá respectar as especificacións básicas que se recollen no anexo III a este regulamento. Esta fase puntuarase de cero a dez puntos.

3. A proba, que terá distinto contido segundo se opte á mesma ou a distinta especialidade da que sexan titulares, axustarase ao disposto a seguir:

3. A) Para os que opten á mesma especialidade da que sexan titulares no seu corpo de orixe, a proba consistirá na exposición, seguida dun debate, ambos os dous orais, dunha programación didáctica elaborada polo aspirante conforme o establecido na epígrafe 2.A) do artigo 21 deste regulamento.

Para as especialidades dos corpos en que así se determine, a convocatoria poderá substituír a devandita proba pola realización dunha proba de carácter práctico, adecuada en cada caso á especialidade correspondente, as

características da cal e a duración serán determinadas pola Administración educativa convocante.

No caso de especialidades propias das ensinanzas artísticas que atenden exclusivamente ás ensinanzas artísticas superiores, deberase acreditar, ademais, a formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das ensinanzas artísticas.

3. B) Para os que opten a especialidade distinta da que sexan titulares, a proba realizarase, dependendo do corpo ao cal se queira acceder, conforme o que se dispón no punto 3 do artigo 36 deste regulamento, salvo no relativo á elección do tema por parte do aspirante que, neste caso, se realizará de entre nove elixidos ao chou polo tribunal dos correspondentes ao temario do corpo e da especialidade.

No caso de especialidades propias das ensinanzas artísticas que atenden exclusivamente ás ensinanzas artísticas superiores, deberase acreditar, ademais, a formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das ensinanzas artísticas.

A proba valorarase de cero a dez puntos e os aspirantes deberán obter, polo menos, cinco puntos para superala.

4. Os que accedan por este procedemento estarán exentos da realización da fase de prácticas e nos supostos en que a adxudicación de destinos se realice atendendo á puntuación obtida nos procedementos selectivos, terán prioridade, na obtención destes, sobre os aspirantes que ingresen pola quenda libre e, de ser o caso, sobre os ingresados por calquera das outras quendas de acceso da convocatoria do mesmo ano.

## TÍTULO V

### Do procedemento para a adquisición de novas especialidades

#### Artigo 52. *Convocatoria.*

As administracións educativas determinarán, mediante as oportunas convocatorias, as especialidades que poidan adquirirse a través dos procedementos establecidos neste título. A estas convocatorias poderán concorrer unicamente funcionarios de carreira directamente dependentes da Administración educativa convocante. Nelas poderase determinar o número de profesores que adquiren novas especialidades por este procedemento.

#### Artigo 53. *Adquisición de novas especialidades por funcionarios do corpo de mestres.*

1. Os funcionarios do corpo de mestres poderán adquirir novas especialidades, dentro do mesmo corpo, mediante a realización dunha proba.

2. A proba consistirá na exposición oral dun tema da especialidade a que se opta, elixido polo aspirante de entre tres extraídos ao chou polo tribunal.

A duración e as características desta proba fixaranse na convocatoria pola Administración educativa convocante.

Para aquelas especialidades en que así se determine, a proba poderá incorporar contidos prácticos.

3. A valoración da proba será de «apto» ou «non apto» e obterán a nova especialidade unicamente os que fosen cualificados con «apto».

#### Artigo 54. *Adquisición de novas especialidades por funcionarios doutros corpos.*

1. Os funcionarios dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de for-

mación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores de artes plásticas e deseño e mestres de taller de artes plásticas e deseño, poderán adquirir novas especialidades, dentro do corpo a que pertencen, mediante o procedemento e cos requisitos que se establecen neste artigo.

2. Os que desexen participar nos procedementos de adquisición dunha nova especialidade deberán posuír o nivel de titulación e os demais requisitos que se exixen para o ingreso libre na devandita especialidade.

3. A proba consistirá na exposición oral dun tema da especialidade a que se opta, elixido polo aspirante de entre os extraídos ao chou polo tribunal, proporcional ao número total de temas do temario de cada especialidade atendendo aos seguintes criterios:

a) Naquelas especialidades que teñan un número superior a 25 temas e inferior a 51, deberase elixir entre catro temas.

b) Naquelas especialidades que teñan un número superior a 50 temas, deberase elixir entre cinco temas.

A duración e características desta proba fixaranse na convocatoria pola Administración educativa convocante.

Para aquelas especialidades en que así se determine, a proba poderá incorporar contidos de carácter práctico. No caso de especialidades propias das ensinanzas artísticas que atenden exclusivamente ás ensinanzas artísticas superiores, nesta parte práctica, deberase acreditar, ademais, a formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das ensinanzas artísticas.

4. A valoración da proba será de «apto» ou «non apto» e obterán a nova especialidade unicamente os que fosen cualificados con «apto».

#### Artigo 55. *Efectos da adquisición dunha nova especialidade.*

1. Os que adquiren unha nova especialidade por este procedemento estarán exentos da fase de prácticas.

2. A adquisición dunha nova especialidade non supón a perda da anterior ou anteriores que se puidesen posuír.

3. Os que teñan adquirida máis dunha especialidade por este procedemento poderán acceder a prazas correspondentes a calquera delas a través dos mecanismos establecidos para a provisión de postos de traballo dos funcionarios docentes, e poderá establecerse, de ser o caso, unha valoración extraordinaria por esta adquisición.

## TÍTULO VI

### Do procedemento de ingreso a que se refire a disposición transitoria décima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

#### CAPÍTULO I

#### Normas xerais

#### Artigo 56. *Ámbito de aplicación e principios reitores do procedemento.*

1. O presente título seralle de aplicación ao procedemento selectivo de ingreso a que se refire a disposición transitoria décima de Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. Ao presente procedemento seranlle de aplicación todas as normas reguladas no título II deste regulamento.

#### Artigo 57. *Requisitos dos participantes.*

Os que aspiren a participar nos procedementos selectivos regulados neste título deberán cumprir os requisitos xerais e específicos a que se refiren os artigos 12 e 13 deste regulamento.

#### Artigo 58. *Sistema selectivo.*

Durante os anos de implantación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que conforme a disposición adicional primeira será de cinco anos, o ingreso á función pública docente realizarase mediante un procedemento selectivo en que, na fase de concurso, se valorará a formación académica e, de forma preferente, a experiencia docente previa nos centros públicos da mesma etapa educativa, ata os límites legais permitidos. A fase de oposición, que terá unha soa proba, versará sobre os contidos da especialidade que corresponda, a aptitude pedagóxica e o dominio das técnicas necesarias para o exercicio da docencia.

## CAPÍTULO II

### Da fase de oposición

#### Artigo 59. *Fase de oposición.*

Será de aplicación o disposto no artigo 18 deste regulamento.

#### Artigo 60. *Temarios.*

Serán os mesmos a que se refire o artigo 19 deste regulamento.

#### Artigo 61. *Proba da fase de oposición.*

1. A fase de oposición constará dunha única proba estruturada en dúas partes, que non terán carácter eliminatorio. O tribunal só fará pública a nota final e global da proba.

A Administración educativa convocante poderá establecer informes que valoren os coñecementos do aspirante sobre o ámbito docente.

A realización, presentación, exposición e, de ser o caso, preparación desta proba por parte dos aspirantes axustaranse ao período de tempo que establezan as administracións educativas nas súas respectivas convocatorias, e poderán utilizar o material que así mesmo se estableza nestas.

No caso de exercicios escritos, estes realizaranse nunha sesión conxunta coa presenza da totalidade dos aspirantes asignados a cada tribunal.

2. A proba e as súas dúas partes axustaranse ao que se indica a seguir:

Parte A: terá por obxecto a demostración de coñecementos específicos necesarios para impartir a docencia. Consistirá no desenvolvemento por escrito dun tema elixido polo aspirante, de entre un número de temas, extraídos ao chou polo tribunal, proporcional ao número total de temas do temario de cada especialidade atendendo aos seguintes criterios:

d) Naquelas especialidades que teñan un número non superior a 25 temas, deberá elixirse entre tres temas.

e) Naquelas especialidades que teñan un número superior a 25 temas e inferior a 51, deberá elixirse entre catro temas.

f) Naquelas especialidades que teñan un número superior a 50 temas, deberá elixirse entre cinco temas.

Parte B: terá por obxecto a comprobación da aptitude pedagóxica do aspirante e o seu dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente. Consistirá na presentación dunha programación didáctica e na preparación e exposición oral dunha unidade didáctica. Naquelas especialidades que inclúan habilidades instrumentais ou técnicas, esta segunda parte incluirá un exercicio de carácter práctico.

B.1) Presentación dunha programación didáctica. A programación didáctica fará referencia ao currículo dunha área, unha materia ou un módulo relacionados coa especialidade pola cal se participa, na cal se deberán especificar os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e a metodoloxía, así como á atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Esta programación corresponderase cun curso escolar dun dos niveis ou etapas educativas en que o profesorado desa especialidade teña atribuída competencia docente para impartilo e, no caso dos aspirantes ao ingreso no corpo de profesores de ensino secundario, poderá estar referida á etapa da educación secundaria obrigatoria, ao bacharelato ou aos ciclos formativos de formación profesional. De acordo cos termos que fixen as respectivas convocatorias, o aspirante deberá presentar e defender a programación ante o tribunal no momento que estableza a Administración educativa convocante.

B.2) Preparación, exposición e, se é o caso, defensa dunha unidade didáctica. A preparación e exposición oral ante o tribunal dunha unidade didáctica estará relacionada coa programación presentada polo aspirante. O aspirante elixirá o contido da unidade didáctica de entre tres extraídas ao chou por el mesmo, da súa propia programación. Na elaboración da citada unidade didáctica deberán concretar os obxectivos de aprendizaxe que se perseguen con ela, os seus contidos, as actividades de ensino e aprendizaxe que se van formular na aula e os seus procedementos de avaliación.

Nas especialidades propias da formación profesional específica tanto do corpo de profesores de ensino secundario como do de profesores técnicos de formación profesional, a unidade didáctica poderase referir a unidades de traballo e deberase relacionar coas capacidades terminais asociadas ás correspondentes unidades de competencia propias do perfil profesional de que se trate.

Nas especialidades de psicoloxía e pedagogía do corpo de profesores de ensino secundario e na de servizos á comunidade do corpo de profesores técnicos de formación profesional, os aspirantes poderán optar por desenvolver un programa de intervención nun centro escolar ou nun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica.

As administracións educativas, no caso do profesorado interino que estivese en activo, conforme se determine nas súas respectivas convocatorias, poderán substituír este exercicio por un informe, que para tal efecto e por instancia do aspirante, elaboren as devanditas administracións, no cal se valoren os coñecementos do aspirante acerca da unidade didáctica. No devandito informe que, de conformidade coas funcións atribuídas aos órganos de selección no artigo 6 deste regulamento, será xulgado, valorado e cualificado polo tribunal correspondente, deberá acreditarse, polo menos, a concreción dos obxectivos de aprendizaxe que se perseguiron nas unidades didácticas, os seus contidos, as actividades de ensino e aprendizaxe que se formulan na aula e os seus procedementos de avaliación.

B.3) Exercicio de carácter práctico. No caso de especialidades que inclúan habilidades instrumentais ou técnicas, nesta segunda parte incorporarase a realización dun exercicio de carácter práctico que permita comprobar que os candidatos posúen unha formación científica e un dominio das técnicas de traballo precisas para impartir as áreas, materias ou módulos propios da especialidade a que opten. No caso de especialidades propias das ensinanzas artísticas que atenden exclusivamente ás ensinanzas artísticas superiores, neste exercicio práctico, deberáse acreditar, ademais, a formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das ensinanzas artísticas. As administracións educativas determinarán as características e duración deste exercicio.

3. A cualificación de cada unha das dúas partes da proba será de 0 a 10 puntos e cada unha das partes deberá ter un peso mínimo do 40% da cualificación final, peso que será fixado polas administracións educativas.

Cada un dos exercicios da parte B da proba descritos nas epígrafes B.1), B.2) e, de ser o caso, B.3) valoraranse de 0 a 10 puntos. As administracións educativas determinarán a orde en que poderán realizarse estes exercicios así como o peso das puntuacións de cada un deles na cualificación desta segunda parte. No caso de que na epígrafe B.2) o aspirante opte polo informe da Administración educativa, este exercicio non poderá ter un peso superior ao 30% da cualificación da fase de oposición.

A nota final e global da proba expresarase en números de cero a dez, sendo necesario obter, polo menos, cinco puntos para poder acceder á fase de concurso.

### CAPÍTULO III

#### Da fase de concurso

Artigo 62. *Baremo.*

1. Na fase de concurso valoraranse, na forma que establezan as convocatorias, a formación académica e, de forma preferente, a experiencia docente previa nos centros públicos da mesma etapa educativa. En todo caso, os baremos das convocatorias deberán respectar as especificacións básicas e a estrutura que se recollen no anexo IV deste regulamento.

2. A cualificación da fase de concurso aplicaráselles unicamente aos aspirantes que superasen a fase de oposición.

### CAPÍTULO IV

#### Das cualificacións das distintas fases e selección dos aspirantes para a realización da fase de prácticas

Artigo 63. *Sistema de cualificación.*

A ponderación das puntuacións das fases de oposición e concurso para formar a puntuación global será dun 60% para a fase de oposición e dun 40% para a fase de concurso.

Artigo 64. *Superación das fases de oposición e concurso, confección e publicación das listas de aspirantes seleccionados nas fases de oposición e concurso.*

Para os efectos do contido deste artigo será de aplicación o disposto nos artigos 26, 27 e 28 do presente regulamento.

### CAPÍTULO V

#### Da fase de prácticas, dos expedientes dos procedementos selectivos e do nomeamento de funcionarios de carreira

Artigo 65. *Nomeamento, regulación e avaliación da fase de prácticas.*

Para os efectos deste artigo será de aplicación o disposto nos artigos 29, 30 e 31 deste regulamento.

Artigo 66. *Nomeamento de funcionarios de carreira.*

Para os efectos deste artigo será de aplicación o disposto no artigo 32 deste regulamento.

Disposición adicional única. *Titulacións declaradas equivalentes para os efectos de docencia para o ingreso en determinados corpos.*

1. Para o ingreso no corpo de profesores de ensino secundario, para as especialidades que se detallan no anexo V deste regulamento, poderán ser admitidos os que, aínda carecendo da titulación exixida con carácter xeral, estean en posesión dalgunha das titulacións que, para cada unha delas, se relacionan, así mesmo, no citado anexo V.

2. Para o ingreso no corpo de profesores técnicos de formación profesional, para as especialidades que se detallan no anexo VI deste regulamento, poderán ser admitidos os que, aínda carecendo da titulación exixida con carácter xeral, estean en posesión dalgunha das titulacións que, para cada unha delas, se relacionan, así mesmo, no citado anexo VI.

3. Para o ingreso no corpo de profesores de música e artes escénicas, poderán ser admitidos os que, aínda carecendo da titulación exixida con carácter xeral, estean en posesión dalgunha das titulacións ou documentos acreditativos que se relacionan no anexo VII deste regulamento.

4. Para o ingreso no corpo de profesores de artes plásticas e deseño, para as especialidades que se detallan no anexo VIII deste regulamento, poderán ser admitidos os que, aínda carecendo da titulación exixida con carácter xeral, estean en posesión dalgunha das titulacións que, para cada unha delas, se relacionan, así mesmo, no citado anexo VIII.

5. Para o ingreso no corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño, para as especialidades que se detallan no anexo IX deste regulamento, poderán ser admitidos os que, aínda carecendo da titulación exixida con carácter xeral, estean en posesión dalgunha das titulacións que, para cada unha delas, se relacionan, así mesmo, no citado anexo IX.

6. Para o ingreso no corpo de profesores técnicos de formación profesional e unicamente naqueles casos en que as administracións educativas non levasen a termo as catro primeiras convocatorias de cada especialidade a que se refería a disposición transitoria segunda de Real decreto 777/1998, do 30 de abril, na súa nova redacción dada polo Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, poderán ser admitidos aqueles aspirantes que, aínda carecendo da titulación exixida con carácter xeral, acrediten experiencia docente de, polo menos, dous anos en centros educativos públicos dependentes da Administración educativa convocante e estean en posesión das titulacións de técnico especialista ou técnico superior nunha especialidade de formación profesional que pertenza á familia profesional correspondente e ademais para as especialidades da familia profesional de actividades marítimo-pesqueiras de patrón de altura ou patrón maior de cabotaxe, entendendo que o prazo de efectividade das catro convocatorias se circunscribe na data de entrada en vigor do anteriormente citado Real decreto 777/1998, do 30 de abril.

Disposición transitoria única. *Exixencia da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

1. Os títulos profesionais de especialización didáctica e o certificado de cualificación pedagóxica, que á entrada en vigor da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, organizasen as universidades ao amparo do establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, o certificado de aptitude pedagóxica e outras certificacións que o Goberno poida establecer serán equivalentes á formación establecida no artigo 100.2 desta, mentres non se regule para cada ensinanza. Da exixencia deste título exceptúanse os mestres e os licenciados en pedagogía e psicopedagogía e quen estean en posesión de licenciatura ou titulación equivalente que inclúa formación pedagóxica e didáctica.

2. A acreditación dunha experiencia docente previa durante dous cursos académicos completos ou, de ser o caso, durante 12 meses exercidos en períodos descontínuos, en centros públicos ou privados de ensino regulado debidamente autorizados, será igualmente recoñecida como equivalente á formación establecida no artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, mentres non se regule para cada ensino.

3. Así mesmo, mentres tanto non se regule para cada ensinanza a formación establecida no artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, queda diferida a exixencia desta formación aos aspirantes ao ingreso nas especialidades de tecnoloxía, de psicoloxía e pedagogía e as correspondentes ás distintas ensinanzas de formación profesional dos corpos de profesores de ensino secundario e de profesores técnicos de formación profesional, así como para o ingreso nos corpos de profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e profesores de escolas oficiais de idiomas.

4. As administracións educativas poderán seguir organizando as ensinanzas que conducen ao certificado de aptitude pedagóxica, que será equivalente á formación pedagóxica establecida no citado artigo 100.2, mentres non se regule para cada ensinanza.

5. Igualmente poderán seguir organizándose e considéranse equivalentes á formación pedagóxica establecida no precitado artigo as ensinanzas que veñen organizando algunhas universidades que levan ao título de especialización didáctica.

## ANEXO I

**Especificacións a que se deben axustar os baremos de méritos para o ingreso nos corpos de mestres, profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño**

Os baremos que fixen as convocatorias para a fase de concurso estruturaránse nos tres bloques que se indican a seguir. As puntuacións máximas que se poden obter en cada un destes bloques serán as seguintes:

Experiencia previa: máximo cinco puntos.  
Formación académica: máximo cinco puntos.  
Outros méritos: máximo dous puntos.

Os aspirantes non poderán alcanzar máis de 10 puntos pola valoración dos seus méritos.

## ESPECIFICACIÓNS

### I. Experiencia docente previa

1.1 Por cada ano de experiencia docente en especialidades do corpo a que opta o aspirante, en centros públicos: 1,000 punto.

1.2 Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distintos corpos a que opta o aspirante, en centros públicos: 0,500 puntos.

1.3 Por cada ano de experiencia docente en especialidades do mesmo nivel ou etapa educativa que o impartido polo corpo a que opta o aspirante, noutros centros: 0,500 puntos.

1.4 Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distinto nivel ou etapa educativa que o impartido polo corpo a que opta o aspirante, noutros centros: 0,250 puntos.

Enténdese por centros públicos os centros a que se refire o capítulo II do título IV da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, integrados na rede pública de centros creados e sostidos polas administracións educativas.

Para os efectos desta epígrafe terase en conta un máximo de cinco anos, cada un dos cales deberá ser valorado nunha soa das subepígrafes anteriores.

As convocatorias establecerán a puntuación correspondente a cada mes/fracción de ano de xeito proporcional á valoración total asignada a cada subepígrafe.

### II. Formación académica

2.1 Expediente académico no título alegado, sempre que o título alegado se corresponda co nivel de titulación exixido con carácter xeral para o ingreso no corpo (doutor, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, para corpos docentes grupo A, ou diplomado universitario, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico, para corpos docentes grupo B).

As convocatorias establecerán unha puntuación de ata 1,500 puntos, por expediente académico, en correspondencia coa nota media alcanzada no devandito expediente.

2.2 Posgraos, doutoramento e premios extraordinarios:

2.2.1 Polo certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados (Real decreto 778/1998, do 30 de abril), o título oficial de mestrado (Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro), de suficiencia investigadora ou calquera outro título equivalente sempre que non sexan requisito para o ingreso na función pública docente: 1,000 punto.

2.2.2 Por posuír o título de doutor: 1,000 punto.

2.2.3 Por obter premio extraordinario no doutoramento: 0,500 puntos.

2.3 Outras titulacións universitarias:

As titulacións universitarias de carácter oficial, en caso de que non fosen as alegadas como requisito para o ingreso na función pública docente, valoraranse do xeito seguinte:

2.3.1 Titulacións de primeiro ciclo:

Por cada diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría: 1,000 punto.

No caso de aspirantes a corpos de funcionarios docentes grupo B, non se valorarán por esta epígrafe, en ningún caso, o primeiro título ou estudos desta natureza que presente o aspirante.

No caso de aspirantes a corpos de funcionarios docentes grupo A, non se valorarán por esta epígrafe, en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que for necesario superar para a obtención do primeiro título de



licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que presente o aspirante.

### 2.3.2 Titulacións de segundo ciclo:

Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñarías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes: 1,000 punto.

No caso de aspirantes a corpos de funcionarios docentes grupo A, non se valorarán por esta epígrafe, en ningún caso, os estudos que for necesario superar (primeiro ciclo, segundo ciclo ou, de ser o caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que presente o aspirante.

### 2.4 Titulacións de ensinanzas de réxime especial e de formación profesional específica:

As titulacións de ensinanzas de réxime especial outorgadas polas escolas oficiais de idiomas, conservatorios profesionais e superiores de música e escolas de arte, así como as de formación profesional específica, caso de non ser as alegadas como requisito para ingreso na función pública docente ou, de ser o caso, non fosen necesarias para a obtención do título alegado, valoraranse do seguinte xeito:

- a) Por cada título profesional de música ou danza: 0,500 puntos.
- b) Por cada certificado de nivel avanzado ou equivalente de escolas oficiais de idiomas: 0,500 puntos.
- c) Por cada título de técnico superior de artes plásticas e deseño: 0,200 puntos.
- d) Por cada título de técnico superior de formación profesional: 0,200 puntos.
- e) Por cada título de técnico deportivo superior: 0,200 puntos.

### III. *Outros méritos*

Serán determinados nas respectivas convocatorias. Entre eles incluíranse, no caso dos corpos que imparten ensinanzas artísticas, os méritos relacionados coa especialidade a que se aspire.

## ANEXO II

### **Especificacións a que se deben axustar os baremos de méritos para os sistemas de accesos entre os corpos de funcionarios docentes**

Os baremos que fixen as convocatorias para a fase de concurso estruturaránse nos tres bloques que se indican a seguir. As puntuacións máximas que se poden obter en cada un destes bloques serán as seguintes:

Traballo desenvolvido: máximo cinco puntos e medio.

Cursos de formación e perfeccionamento: máximo tres puntos.

Méritos académicos e outros méritos: máximo tres puntos.

Os aspirantes non poderán alcanzar máis de 10 puntos pola valoración dos seus méritos.

#### I. *Traballo desenvolvido*

1.1 Antigüidade.—As convocatorias establecerán unha puntuación máxima de 4,00 puntos.

Valoraranse por esta subepígrafe os anos como funcionario de carreira prestados no corpo desde o cal se aspira ao acceso e poderase asignar unha puntuación por ano de ata 0,500 puntos.

No caso dos funcionarios a que se refiren os capítulos primeiro e segundo do título IV deste regulamento só se valorarán por esta subepígrafe os anos como funcionario

de carreira prestados no corpo desde o cal se aspira ao acceso que superen os exixidos como requisito.

Igualmente, as convocatorias establecerán a puntuación correspondente a cada mes/fracción de ano de xeito proporcional á valoración total asignada a esta subepígrafe.

1.2 Desempeño de funcións específicas, avaliación voluntaria e, de ser o caso, a avaliación positiva da función docente, realizada pola Inspección Educativa.—As convocatorias establecerán unha puntuación máxima de 2,500 puntos.

Poderanse valorar, entre outros, por esta subepígrafe, na forma en que se determine nas respectivas convocatorias, o desempeño de cargos directivos nos centros docentes, a participación voluntaria nos órganos de selección, así como a avaliación voluntaria do profesorado, cando sexa realizada.

#### II. *Cursos de formación e perfeccionamento superados*

As administracións educativas determinarán nas súas convocatorias as características dos cursos de formación e perfeccionamento superados que poden ser valorados por esta epígrafe, ata un máximo de tres puntos.

No baremo correspondente ao acceso de funcionarios de carreira aos respectivos corpos de catedráticos, valoraranse os cursos de perfeccionamento superados que verben sobre actualización científica e didáctica.

#### III. *Méritos académicos e outros méritos*

Os méritos que se deberán recoller e a súa valoración serán os seguintes:

3.1 Méritos académicos: cunha puntuación máxima de 1,500 puntos.

A determinación dos méritos que se van valorar por esta subepígrafe será realizada pola correspondente Administración educativa.

3.2 Publicacións, participación en proxectos educativos e méritos artísticos: cunha puntuación máxima de 1,500 puntos.

A determinación dos méritos que se van valorar por esta subepígrafe será realizada pola correspondente Administración educativa.

## ANEXO III

### **Especificacións a que se deben axustar os baremos de méritos para o acceso ao corpo de inspectores de Educación**

Os baremos que fixen as convocatorias para a fase de concurso estruturaránse nos catro bloques que se indican a seguir. As puntuacións máximas que se poden obter en cada un destes bloques serán as seguintes:

Traxectoria profesional: máximo tres puntos.

Exercicio como inspector accidental: máximo tres puntos.

Exercicio de cargos directivos: máximo tres puntos.

Preparación científica e didáctica e outros méritos: máximo dous puntos.

Os aspirantes non poderán alcanzar máis de 10 puntos pola valoración dos seus méritos.

## ESPECIFICACIÓNS

### I. *Traxectoria profesional*

1.1 Traballo desenvolvido:

1.1.1 Por cada ano de experiencia docente, que supere os seis exixidos como requisito, como funcionario de carreira dos corpos que integran a función pública docente: 0,500 puntos.

1.1.2 Por cada ano de servizo en postos da Administración educativa de nivel 26 ou superior: 0,500 puntos.

En relación co traballo desenvolvido, as convocatorias establecerán a puntuación correspondente a cada mes/fracción de ano de xeito proporcional á valoración total asignada a cada un dos tres elementos que integran esta subepígrafe.

1.2 Por pertencer aos corpos de catedráticos: 2,000 puntos.

Por esta epígrafe valoraranse como máximo cinco anos posteriores aos seis anos de exercicio profesional exixidos pola convocatoria.

## II. *Exercicio como inspector accidental*

Por cada ano de servizo en postos de inspector accidental: 0,750 puntos.

Por esta epígrafe só serán tidos en conta os anos prestados como inspector accidental en postos obtidos como resultado da súa participación nos concursos de méritos convocados para a súa provisión.

Por esta epígrafe non serán susceptibles de valoración aqueles anos de servizo que se valoraran para ingresar ou acceder ao corpo da función pública de que se trate.

## III. *Exercicio de cargos directivos e de coordinación didáctica*

3.1 Por cada ano como director de centros públicos docentes ou centros de profesores e recursos, con avaliación positiva, cando sexa realizada: 0,750 puntos.

3.2 Polo desempeño doutros cargos directivos ou de coordinación didáctica:

3.2.1 Por cada ano como xefe de estudos, secretario ou análogos: 0,500 puntos.

3.2.2 Por cada ano de servizo como xefe de departamento, coordinador de ciclo na educación primaria, asesor de formación permanente ou figuras análogas, así como director de agrupacións de lingua e cultura españolas: 0,100 puntos.

Por esta epígrafe non serán susceptibles de valoración aqueles cargos directivos que se valoraran para ingresar ou acceder ao corpo da función pública de que se trate.

## IV. *Preparación científica e didáctica e outros méritos*

Os méritos para valorar por este apartado serán determinados nas respectivas convocatorias e entre eles debebase ter en conta a preparación científica e didáctica, o coñecemento de idiomas, a participación voluntaria nos órganos de selección, así como a avaliación da función docente con valoración positiva, cando sexa realizada:

4.1 Preparación científica e didáctica (35% da puntuación asignada a esta epígrafe IV).

4.2 Preparación específica para o exercicio da función inspectora (25% da puntuación asignada a esta epígrafe IV). Consideraranse as actividades de formación homologadas especificamente relacionadas coa función inspectora.

4.3 Coñecemento de idiomas (15% da puntuación asignada a esta epígrafe IV).

4.4 Avaliación da función docente con valoración positiva (25% da puntuación asignada a esta epígrafe III).

## ANEXO IV

### **Especificacións a que se deben axustar os baremos de méritos para ingreso nos corpos docentes de conformidade co disposto no título VI deste real decreto**

Os baremos que fixen as convocatorias para a fase de concurso estruturaránse nos tres bloques que se indican

a seguir. As puntuacións máximas que se poden obter en cada un destes bloques serán as seguintes:

Experiencia previa: máximo sete puntos.

Formación académica e permanente: máximo catro puntos.

Outros méritos: máximo dous puntos.

Os aspirantes non poderán alcanzar máis de 10 puntos pola valoración dos seus méritos.

## ESPECIFICACIONS

### I. *Experiencia docente previa*

1.1 Por cada ano de experiencia docente en especialidades do corpo a que opta o aspirante, en centros públicos: 0,700 puntos.

1.2 Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distintos corpos a que opta o aspirante, en centros públicos: 0,350 puntos.

1.3 Por cada ano de experiencia docente en especialidades do mesmo nivel educativo que o impartido polo corpo a que opta o aspirante, noutros centros: 0,150 puntos.

1.4 Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distinto nivel educativo que o impartido polo corpo a que opta o aspirante, noutros centros: 0,100 puntos.

Enténdese por centros públicos os centros a que se refire o capítulo II do título IV da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, integrados na rede pública de centros creados e sostidos polas administracións educativas.

As convocatorias establecerán a puntuación correspondente a cada mes/fracción de ano de xeito proporcional á valoración total asignada a cada subepígrafe.

### II. *Formación académica e permanente*

2.1 Expediente académico no título alegado, sempre que o título alegado se corresponda co nivel de titulación exixido con carácter xeral para ingreso no corpo (doutor, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, para corpos docentes grupo A, ou diplomado universitario, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico, para corpos docentes grupo B).

As convocatorias establecerán unha puntuación de ata 1,500 puntos, por expediente académico, en correspondencia coa nota media alcanzada no devandito expediente.

2.2 Posgraos, doutoramento e premios extraordinarios:

2.2.1 Polo certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados (Real decreto 778/1998, do 30 de abril), o título oficial de mestrado (Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro), de suficiencia investigadora ou calquera outro título equivalente, sempre que non sexan requisito para o ingreso na función pública docente: 1,000 punto.

2.2.2 Por posuír o título de doutor: 1,000 punto.

2.2.3 Por obter premio extraordinario no doutoramento: 0,500 puntos.

2.3 Outras titulacións universitarias:

As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as alegadas como requisito para o ingreso na función pública docente, valoraranse do xeito seguinte:

2.3.1 Titulacións de primeiro ciclo:

Por cada diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría: 1,000 punto.

No caso de aspirantes a corpos de funcionarios docentes grupo B, non se valorarán por esta epígrafe, en ningún caso, o primeiro título ou estudos desta natureza que presente o aspirante.

No caso de aspirantes a corpos de funcionarios docentes grupo A, non se valorarán por esta epígrafe, en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que for necesario superar para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que presente o aspirante.

### 2.3.2 Titulacións de segundo ciclo:

Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñarías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes: 1,000 punto.

No caso de aspirantes a corpos de funcionarios docentes grupo A, non se valorarán por esta epígrafe, en ningún caso, os estudos que for necesario superar (primeiro ciclo, segundo ciclo ou, de ser o caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que presente o aspirante.

### 2.4 Titulacións de ensinanzas de réxime especial e de formación profesional específica:

As titulacións de ensinanzas de réxime especial outorgadas polas escolas oficiais de idiomas, conservatorios profesionais e superiores de música e escolas de arte, así como as de formación profesional específica, caso de non ser as alegadas como requisito para ingreso na función pública docente ou, de ser o caso, non fosen necesarias para a obtención do título alegado, valoraranse do xeito seguinte:

- a) Por cada título profesional de música ou danza: 0,500 puntos.
- b) Por cada certificado de nivel avanzado ou equivalente de escolas oficiais de idiomas: 0,500 puntos.

c) Por cada título de técnico superior de artes plásticas e deseño: 0,200 puntos.

d) Por cada título de técnico superior de formación profesional: 0,200 puntos.

e) Por cada título de técnico deportivo superior: 0,200 puntos.

### 2.5 Formación permanente:

Por cada curso de formación permanente e perfeccionamento superado, relacionado coa especialidade a que se opta ou coa organización escolar, coas novas tecnoloxías aplicadas á educación, coa didáctica, a psicopedagogía ou a socioloxía da educación, convocado por administracións públicas con plenas competencias educativas ou por universidades, ou actividades incluídas no plan de formación permanente, organizados por entidades colaboradoras coas administracións educativas, ou actividades recoñecidas pola Administración educativa correspondente:

- a) Non inferior a 3 créditos: 0,2000 puntos.
- b) Non inferior a 10 créditos: 0,5000 puntos.

Exclusivamente para a especialidade de música, valoraranse nos mesmos termos os cursos organizados polos conservatorios de música.

Para os efectos desta subepígrafe, poderanse acumular os cursos non inferiores a 2 créditos que cumpran os requisitos que se especifican nesta subepígrafe.

### III. Outros méritos

Serán determinados nas respectivas convocatorias. Entre eles incluíranse, no caso dos corpos que imparten ensinanzas artísticas, os méritos relacionados coa especialidade a que se aspire.

## ANEXO V

### Corpo de profesores de ensino secundario

Especialidades	Titulacións
Tecnoloxía.	Enxeñeiro técnico. Arquitecto técnico. Diplomado en máquinas navais. Diplomado en navegación marítima. Diplomado en radioelectrónica naval.
Administración de empresas.	Diplomado en ciencias empresariais. Diplomado en xestión e Administración pública.
Análise e química industrial.	Enxeñeiro técnico industrial, especialidade en química industrial. Enxeñeiro técnico forestal, especialidade en industrias forestais.
Construcións civís e edificación.	Arquitecto técnico. Enxeñeiro técnico industrial, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico de obras públicas, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico en topografía.
Formación e orientación laboral.	Diplomado en ciencias empresariais. Diplomado en relacións laborais. Diplomado en traballo social. Diplomado en educación social. Diplomado en xestión e Administración pública. Diplomado en turismo.
Hostalaría e turismo.	
Informática.	Diplomado en estatística. Enxeñeiro técnico en informática de xestión. Enxeñeiro técnico en informática de sistemas. Enxeñeiro técnico de telecomunicación, especialidade en telemática.

Especialidades	Titulacións
Intervención sociocomunitaria.	Mestre, en todas as súas especialidades. Diplomado en educación social. Diplomado en traballo social.
Navegación e instalacións mariñas.	Diplomado en máquinas navais. Diplomado en navegación marítima. Diplomado en radioelectrónica naval. Enxeñeiro técnico naval, en todas as súas especialidades.
Organización e xestión comercial.	Diplomado en ciencias empresariais.
Organización e procesos de mantemento de vehículos.	Diplomado en navegación marítima. Diplomado en radioelectrónica naval. Diplomado en máquinas navais. Enxeñeiro técnico aeronáutico, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico agrícola, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico forestal, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico de minas, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico naval, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico de obras públicas, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico industrial, en todas as súas especialidades.
Organización e proxectos de fabricación mecánica.	Enxeñeiro técnico industrial, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico de minas, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico en deseño industrial. Enxeñeiro técnico aeronáutico, especialidade en aeronaves, especialidade en equipos e materiais aeroespaciais. Enxeñeiro técnico naval, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico agrícola: especialidade en explotacións agropecuarias, especialidade en industrias agrarias e alimentarias, especialidade en mecanización e construcións rurais. Enxeñeiro técnico de obras públicas, especialidade en construcións civís. Diplomado en máquinas navais.
Organización e proxectos de sistemas enerxéticos.	Enxeñeiro técnico industrial, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico aeronáutico, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico de obras públicas, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico de telecomunicación, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico naval, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico agrícola, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico de minas, en todas as súas especialidades. Diplomado en máquinas navais.
Procesos de produción agraria.	Enxeñeiro técnico agrícola, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico forestal, en todas as súas especialidades.
Procesos na industria alimentaria.	Enxeñeiro técnico agrícola, especialidade en industrias agrarias e alimentarias.
Procesos sanitarios.	Diplomado en enfermaría.
Procesos e produtos de téxtil, confección e pel.	Enxeñeiro técnico industrial, especialidade téxtil.
Procesos e produtos de vidro e cerámica.	Enxeñeiro técnico industrial, especialidade en química industrial.
Procesos e produtos en artes gráficas.	Enxeñeiro técnico en deseño industrial. Enxeñeiro técnico forestal, especialidade en industrias forestais. Enxeñeiro técnico industrial, especialidade en química industrial.
Procesos e produtos en madeira e moble.	Enxeñeiro técnico forestal, especialidade en industrias forestais. Enxeñeiro técnico industrial, especialidade en mecánica. Enxeñeiro técnico en deseño industrial. Arquitecto técnico.
Sistemas electrónicos.	Diplomado en radioelectrónica naval. Enxeñeiro técnico aeronáutico, especialidade en aeronavegación.

Especialidades	Titulacións
	<p>Enxeñeiro técnico en informática de sistemas.</p> <p>Enxeñeiro técnico industrial, especialidade en electricidade, especialidade en electrónica industrial.</p> <p>Enxeñeiro técnico de telecomunicación, en todas as súas especialidades.</p>
Sistemas electrotécnicos e automáticos.	<p>Diplomado en radioelectrónica naval.</p> <p>Enxeñeiro técnico aeronáutico, especialidade en aeronavegación.</p> <p>Enxeñeiro técnico en informática de sistemas.</p> <p>Enxeñeiro técnico industrial, especialidade en electricidade, especialidade en electrónica industrial.</p> <p>Enxeñeiro técnico de telecomunicación, en todas as súas especialidades.</p>

## ANEXO VI

**Corpo de profesores técnicos de formación profesional**

Especialidades	Titulacións
Cociña e pastelería.	<p>Técnico superior en restauración.</p> <p>Técnico especialista en hostalaría.</p>
Estética.	<p>Técnico superior en estética.</p> <p>Técnico especialista en estética.</p>
Fabricación e instalación de carpintería e moble.	<p>Técnico superior en produción de madeira e moble.</p> <p>Técnico superior en desenvolvemento de produtos en carpintería e moble.</p> <p>Técnico especialista en construción industrial de madeira.</p> <p>Técnico especialista ebanista.</p> <p>Técnico especialista en madeira.</p> <p>Técnico especialista modelista de fundición.</p> <p>Técnico especialista en deseño e fabricación de mobles.</p>
Mantemento de vehículos.	<p>Técnico superior en automoción.</p> <p>Técnico especialista en mecánica e electricidade do automóbil.</p> <p>Técnico especialista en automoción.</p> <p>Técnico especialista en mantemento de máquinas e equipos de construción e obras.</p>
Mecanizado e mantemento de máquinas.	<p>Técnico superior en produción por mecanizado.</p> <p>Técnico especialista en montaxe e construción de maquinaria.</p> <p>Técnico especialista en micromecánica de máquinas ferramentas.</p> <p>Técnico especialista en micromecánica de instrumentos.</p> <p>Técnico especialista instrumentista en sistemas de medida.</p> <p>Técnico especialista en ferramentas e montaxes mecánicas.</p> <p>Técnico especialista mecánico de armas.</p> <p>Técnico especialista en fabricación mecánica.</p> <p>Técnico especialista en máquinas-ferramentas.</p> <p>Técnico especialista en matrizaría e moldes.</p> <p>Técnico especialista en control de calidade.</p> <p>Técnico especialista en micromecánica e relojaría.</p>
Patronaxe e confección.	<p>Técnico superior en procesos de confección industrial.</p> <p>Técnico superior en patronaxe.</p> <p>Técnico especialista en confección industrial de roupa exterior.</p> <p>Técnico especialista en confección industrial de roupa interior.</p> <p>Técnico especialista en confección á medida de señora.</p> <p>Técnico especialista en produción en industrias da confección.</p> <p>Técnico especialista en xastraría e modistaría.</p> <p>Técnico especialista en confección de tecidos.</p>
Salón de peiteado.	<p>Técnico superior en asesoría de imaxe persoal.</p> <p>Técnico especialista en salón de peiteado.</p>
Produción en artes gráficas.	<p>Técnico superior en produción en industrias de artes gráficas.</p> <p>Técnico especialista en composición.</p> <p>Técnico especialista en encadernación.</p>

Especialidades	Titulacións
	Técnico especialista en impresión. Técnico especialista en procesos gráficos. Técnico especialista en reproducción fotomecánica. Técnico especialista en composición de artes gráficas.
Servizos de restauración.	Técnico superior en restauración. Técnico especialista en hostalaría.
Soldadura.	Técnico superior en construcións metálicas. Técnico especialista en construcións metálicas e soldador. Técnico especialista en soldadura. Técnico especialista en fabricación soldada. Técnico especialista en caldeiraría en chapa estrutural. Técnico especialista en construción naval. Técnico especialista trazador naval.

## ANEXO VII

**Corpo de profesores de música e artes escénicas**

Especialidades	Titulacións
Música.	Título de profesor, expedido ao abeiro do Decreto 2618/1966, do 10 de setembro. Diploma de cantante de ópera, expedido ao abeiro do Decreto 313/1970, do 29 de xaneiro.
Danza.	Documentos acreditativos da completa superación de estudos oficiais de danza expedidos de conformidade co disposto no Real decreto 600/1999, do 16 de abril.

## ANEXO VIII

**Corpo de profesores de artes plásticas e deseño**

Especialidades	Titulacións
Conservación e restauración de materiais arqueolóxicos.	Título superior de conservación e restauración de bens culturais, especialidade de arqueoloxía. Títulos recollidos no artigo 2 do Real decreto 440/1994, do 11 de marzo, correspondentes á sección de arqueoloxía.
Conservación e restauración de obras escultóricas.	Título superior de conservación e restauración de bens culturais, especialidade de escultura. Títulos recollidos no artigo 2 do Real decreto 440/10994, do 11 de marzo, correspondentes á sección de escultura.
Conservación e restauración de obras pictóricas.	Título superior de conservación e restauración de bens culturais, especialidade de pintura. Títulos recollidos no artigo 2 do Real decreto 440/10994, do 11 de marzo, correspondentes á sección de pintura.
Conservación e restauración de téxtiles.	Título superior de conservación e restauración de bens culturais, especialidade de téxtiles.
Conservación e restauración do documento gráfico. Cerámica. Deseño de interiores. Deseño de moda. Deseño de produto. Deseño gráfico. Vidro.	Título superior de conservación e restauración de bens culturais, especialidade de documento gráfico. Título superior de cerámica Título de deseño, especialidade deseño de interiores. Título de deseño, especialidade deseño de moda. Título de deseño, especialidade deseño de produtos. Título de deseño, especialidade deseño gráfico. Título superior do vidro.

## ANEXO IX

**Corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño**

Especialidades	Titulacións
	Título de técnico superior de artes plásticas e de deseño e título declarado equivalente conforme o Real decreto 440/1994, do 11 de marzo, e a Orde do 14 de maio de 1999
Artesanía e ornamentación con elementos vexetais.	Arte floral. Arte téxtil.

Especialidades	Título de técnico superior de artes plásticas e de deseño e título declarado equivalente conforme o Real decreto 440/1994, do 11 de marzo, e a Orde do 14 de maio de 1999.
Bordados e encaixes.	Encaixes artísticos. Bordados.
Complementos e accesorios.	Artes aplicadas da madeira. Estilismo e indumentaria.
Dourado e policromía.	Artes aplicadas da madeira.
Ebanistaría artística.	Artes aplicadas da madeira. Mobiliario.
Encadernación artística.	Encadernación artística.
Esmaltes.	Esmalte artístico ao lume sobre metais.
Fotografía e procesos de reprodución.	Grafica publicitaria. Ilustración. Fotografía artística.
Modelismo e maquetismo.	Amoblamento. Arquitectura efémera. Escaparatismo. Elementos de xardín. Proxectos e dirección de obras de decoración. Mobiliario. Modelismo industrial. Modelismo e maquetismo.
Moldes e reproducións.	Artes aplicadas á escultura. Artes aplicadas do metal. Modelismo e matrizaría cerámica.
Musivaria.	Mosaicos.
Talla en pedra e madeira.	Artes aplicadas da escultura. Artes aplicadas da madeira. Artes aplicadas da pedra.
Técnicas cerámicas.	Cerámica artística. Pavimentos e revestimentos cerámicos. Modelismo e matrizaría cerámica.
Técnicas de gravado e estampación.	Edición de arte. Gravado e técnicas de estampación. Ilustración.
Técnicas de xoiaría e bixutaría.	Bixutaría artística. Xoiaría artística.
Técnicas de ourivaría e prataría.	Ourivaría e prataría artísticas.
Técnicas de patronaxe e confección.	Estilismo de indumentaria. Modelismo de indumentaria.
Técnicas do metal.	Artes aplicadas da escultura. Artes aplicadas do metal.
Técnicas murais.	Artes aplicadas ao muro.
Técnicas téxtiles.	Arte téxtil. Colorido de coleccións. Estampacións e tinguiduras artísticas. Estilismo de tecidos de calado. Tecidos en baixo lizo.
Técnicas vidreiras.	Artes do vidro. Artes aplicadas ao muro. Vidreiras artísticas.